

M E M O R I A S D E M U L L E R

ALBERTO PRIETO RODRÍGUEZ

*Conseguiremos entre todas que, para poder vivir,
non se nos esixa sempre ser heroínas.*

*Conseguiremos que ser muller sexa fácil. E seremos
mulleres da tan variados xeitos como poidamos
imaxinar. (Ana Gandón)*

INTRO

"...as mulleres que son amas de casa pasan a vida no barrio, mentres que moitos homes sinxelamente comen e dormen alí. As mulleres coñecen mellor o barrio" (Britt-Marie Thurén. Antropóloga da Universidade de Umeia, Suecia)

Esta é unha historia de algo que puido ter sido e foi, de cómo foi e das mulleres que na cidade de Vigo o fixeron posible nos derradeiros anos do século XX.

Nada sería mais de xustiza que reproducir aquí tódolos nomes de todas esas mulleres que de tódolos xeitos posibles contribuíron a escribir esta historia. Ningunha outra cousa resumiría mellor o resultado dos seus mais de dez anos de traballo e os logros que neles acadaron. Pero non resultaría doado facelo. E non o sería, por unha banda, porque son miles os nomes que conformarían esa lista, e sempre, aínda que nos quixeramos, esqueceríamos algún, pero sobre todo porque esta historia foi posible gracias a mulleres que nunca ansiaron que o seu nome quedara escrito en listas, placas conmemorativas, premios, recoñecementos, en ningures, senón que polo contrario deixaron que fora o resultado dun traballo polo que tanto loitaron, a testemuña do seu paso por alí, a súa memoria.

Esta é pois unha historia na que os nomes, as datas, ou as cifras pérdense na memoria, nas memorias de tódalas mulleres de Vigo, unha historia difusa polo que ten de

colectiva e de anónima, gardada nas lembranzas dese milleiros de mulleres, chea de sacrificios e esforzos, pero tamén de obxectivos acadados, concretos; obxectivos que hoxe son feitos que cambiaron a vida de Vigo, das súas mulleres e tamén dos seus homes, uns feitos que poden axudar en moito a paliar dalgún xeito os inescusables esquecementos que supón contar esta historia. A historia das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais de Vigo.

Vigo é hoxe unha gran cidade. Un núcleo urbano con grandes empresas e parques tecnolóxicos, cun dos portos pesqueiros máis importantes do mundo e un aeroporto con voos internacionais, unha universidade importante e un equipo de fútbol xogando nas máximas categorías continentais. Vigo "está" no mundo, e recen alcanzados os trescentos mil habitantes, estende cada vez máis os seus límites e segue a crecer convertida nunha urbe clave na cornixa atlántica europea. Melloramos a nosa calidade da vida, as nosas comunicacións, as nosas oportunidades e as de os nosos fillos de ter unha vida mellor, e agora, dende o ano 2004, se volvemos a vista atrás, podemos ver de novo, e de un xeito distinto, moitos dos feitos que transcorreron na nosa cidade nos últimos anos.

Os xornais da década dos oitenta fálannos hoxe dun mundo xa moi afastado da realidade contemporánea na que vivimos. Vigo, naquel intre, espertaba e loitaba por deixar atrás unha forma de vida que morría; as noticias que podíamos ler semellaban os derradeiros ecos dese mundo moribundo, dunha sociedade e dunha cidade que deixaba paso a

realidades distintas que en pouco tempo cambiarían as existencias de todos os seus cidadáns.

O planeta enteiro entrou nun proceso de transformación completa no comezos dos anos noventa. Os mapas xeográficos que coñeciamos, as ideoloxías políticas que organizaban ó mundo, os roles sociais que estruturaban as nosas sociedades, todo estaba a cambiar, e facíano cada vez máis rápido. En a penas catro ou cinco ano, vimos chegar a Gorbachov ó poder na URSS, fomos testemuñas incrédulas da caída do Muro de Berlín, asistimos a primeira guerra no Golfo Pérsico, unhas olimpíadas en Barcelona, chegaron mais canles na televisión, unha exposición universal en Sevilla, mais guerras nos Balcáns, os primeiros ordenadores persoais... O mundo cambiaba, non había dubida.

A cidade, Vigo, tamén estaba en transformación, circunvalacións, obras escultóricas nas rúas, autoestradas, reconversións industriais, novos veciños chegados doutros países... en resumo, novas necesidades e tamén novos problemas para unha sociedade máis complexa en continuo e cada vez máis rápido cambio.

As novas dos medios de comunicación da cidade falan de todo isto. Recollen a trepidación dunha vida cada vez mais acelerada, dunha sociedade xa acostumada a democracia que asiste os conflitos no Concello entre políticos que non sempre souberon estar a altura dos seus cidadáns; pero tamén falan, e cada vez con maior frecuencia, das actividades das Asociacións Veciñais de Vigo e da Federación Veciñal de Vigo "Eduardo Chao", que de súpeto parecen entrar na realidade da cidade dispostas a defende-los seus intereses e dereitos; os

problemas dos barrios e parroquias, e as reivindicacións e protestas das súas respectivas veciñanzas ocupan paxinas e paxinas da prensa local.

Así que os primeiros anos noventa transcorren en Vigo entre conflitos políticos, como case sempre, pero tamén sendo testemuñas dunha explosión do movemento veciñal, da aparición definitiva dun novo axente de participación na vida de cidade cunha capacidade de estruturación, de influencia e mobilización realmente asombrosa e dificilmente comparable con outras cidades de España. Unha capacidade que Carmen Fernández, a que fora presidenta da Asociación de Veciños do Val do Fragoso, unha muller que xa forma parte da historia do movemento veciñal de Vigo, e quen de resumir perfectamente: *"A sociedade para que funcione, ten que estar organizada, non digo que teña que estar sempre protestando, pero ós políticos moitas veces é necesario lembrarilles o que teñen prometido. A participación é fundamental para que a sociedade funcione. As Asociacións de Veciños son as que mais afiliados teñen, mas que os sindicatos, e mais que os partidos políticos"*.

Pouco a pouco, Vigo convertese nunha cidade cada vez mais complexa, unha gran urbe que acolle feiras e congresos de importancia mundial, que é unha referencia cultural para todo ó país, protagonista de terremotos políticos que transcenden mais ala das súas fronteiras, pero que segue a manter moitas das súas vellas tradicións e costumes como parte imprescindible da vida e da identidade da súa veciñanza. Tal e como a define Amada Traba, socióloga da Concellería da Muller do Concello, *"...unha cidade moderna de recente e rápida urbanización, y con unha elevada*

porcentaxe de inmigrantes, procedentes na súa maioría de outros municipios rurais mais ou menos próximos. Pero presenta tamén un perfil tradicional en toda a franxa que rodea ó núcleo....".

Nese contexto de cambio global en todo o planeta, de final de milenio, de axuste das estruturas sociais as novas realidades, é no que fan a súa aparición as primeiras Vocalías da Muller nas Asociacións Veciñais.

Recolle-la súa historia non é, como xa vimos, unha tarefa doada. De tódalas grandes historias falan os xornais, os medios de comunicación. Pero como case sempre é difícil atopar nas súas páxinas noticias sobre as pequenas historias que sumadas constrúen unha grande. A prensa non fala case nunca de Rosa, ou de Carmen, de Beatriz, Ana, Dita, Mercedes, Amparo, Sita, Leonor, María, Conchi... E este é o caso. A suma de centos de pequenas historias de mulleres anónimas ten como resultado unha grande que transcende a vida dunha urbe de trescentos mil habitantes no final do século XX.

Hoxe, temos trinta e dúas Asociacións Veciñais funcionando en Vigo, con trinta e dúas Vocalías da Muller nos barrios e parroquias desenvolvendo o seu labor dun xeito normalizado, e todo é gracias a elas, as xa citadas, as que apareceran ó longo destas páxinas, e ás centos e centos delas mais ás que nunca teríamos nin tempo nin páxinas para lembralas dabondo.

I. OS PRIMEIROS DIAS

"Unha asociación de veciños serve para crear convivencia, para falar dos seus problemas, das súas inquedanzas, das súas alegrías, para sentirse amparado por unha casa grande onde poden ter un paso cara o Concello cando teñen algún problema, para recuperar tradicións." (Carmen Fernández, Presidenta da Asociación de Veciños do Val do Frago)

No ano 1988 María Xosé Porteiro ocupaba a Concelleira de Cultura e Muller do Concello de Vigo. Unha serie de cursos e programas de alfabetización ou emprego estaban a funcionar naquel intre coa intención de mellorar a situación e perspectivas vitais das mulleres dos barrios e parroquias de Vigo. Sen embargo, tal e como cita Diego Pérez no seu estudio sobre o movemento veciñal vigués, era necesario ir máis alá: *"sacar as mulleres da súa casa e promover o intercambio de experiencias"*. Iníciáanse entón unha serie de encontros baixo a denominación de *"Muller, fala e participa"*, encontros que teñen lugar nas Asociacións Veciñais promovendo nas mulleres a toma de conciencia dos seus propios dereitos, tentando de dinamizar a súa participación na vida asociativa.

A historia din que Vigo ten, nun pasado recente, unha importante tradición asociativa. Nos anos setenta hai algunhas asociacións de mulleres funcionando xa na cidade, e no comezo da década dos noventa, no momento da aparición das Vocalías da Muller, as Asociacións Veciñais de Vigo xa contaban cun longo percorrido. De feito, é o ano 1975 cando

a Asociación de Veciños do Calvario solicita a súa inscrición no rexistro do Goberno Civil. Coincidindo co fin da dictadura, Teis, Lavadores, Beade, Cristo da Victoria, Bembrive ou Navia, seguen os seus pasos, e así ata quince Asociacións Veciñais, aparecen na cidade. Pronto tódolos barrios de Vigo contan coa súa propia asociación.

Nestas Asociacións, nas dos anos setenta, nas dos comezos dos noventa, e aínda as veces tamén nas de agora, produciase un fenómeno que había de servir coma unha das principais forzas xeradoras do xurdimento definitivo das Vocalías da Muller. Aínda que aparentemente o seu nivel de participación non é moi alto, dende o principio do movemento veciñal, hai mulleres traballando nas Asociacións, pero curiosamente non resulta doado atopar a ningunha delas formando parte das directivas, xa que a inmensa maioría das persoas que formaban parte dos órganos de dirección e representación das Asociacións Veciñais son homes. A presenza de mulleres nos órganos de toma de decisións nestes entres, é case que testemuñal. María del Carmen Avendaño, en Lavadores, e Carmiña Fernández no Val do Fragoso, son as únicas mulleres que ocupan a presidencia dalgunha Asociación de Veciños. E así manteríase a situación ata xa entrados os anos noventa.

A incorporación da muller ao mundo laboral non chega o 40%: o analfabetismo rolda o 8%, e aproximadamente o 50% das mulleres de Vigo non realiza controis médicos de ningún tipo. A estas conclusións chega o Concello de Vigo cón estudo "Enquisa sobre a muller", publicado polo propio Concello de Vigo nese mesmo ano 1988 e no que tratase de determinar cal é a verdadeira situación do colectivo

feminino da cidade, a súa realidade sociolóxica, económica, política ou educativa.. Dende esta enquisa ata a chegada do ano 91, e con el o cambio no goberno municipal, realízanse actuacións dedicadas no súa maior parte a atención dos malos tratos e a continuar mellorando a situación formativa, laboral e social das mulleres de Vigo, que a vista dos datos fornecidos pola devandita enquisa precisaba de fortes políticas de apoio.

O MOVEMENTO VECIÑAL

"Eran bos tempos para o movemento veciñal, había moito por facer, así que todo era subir". (Dolores Casariego. Foi responsable da Vocalía da Muller da Federación Veciñal de Vigo Eduardo Chao)

Nun artigo sobre o asociacionismo de mulleres en Vigo, publicado na revista "Cooperativismo y economía social" no ano 1994, María Pilar Díaz de Bustamante, do Departamento de Muller do Concello de Vigo, afirma que "as vocalías de muller son un xeito de asociacionismo feminino que medrou en Vigo espectacularmente entre 1991 e 1994. Este desenvolvemento propiciouno a confluencia da tradición asociativa do movemento de mulleres e o veciñal coa posta en marcha desde a Concellería da Muller do Concello de Vigo de novos programas para mulleres nas asociacións mixtas máis dinámicas. Pero o factor máis determinante é a necesidade e o desexo das mulleres de accederen a un espacio de encontro e a un tempo propio".

E así foi. Neses catro anos, non só nas Vocalías da Muller do movemento veciñal, senón en todo o asociacionismo feminino, o panorama cambiou gracias a confluencia de varios factores, especialmente, e de novo en palabras de María Pilar Díaz de Bustamante *"á enorme forza do desexo de cambio das mulleres, o caudal de enerxía que, nese intre, está a conter a estrutura social con menoscabo para as mulleres e a posibilidade de que esa forza se libere para a mellora da calidade de vida de todas e de todos"*.

No mes de Xuño do 91 celébranse as eleccións municipais que modifican o panorama político da cidade. Manuel Soto, ata entón alcalde de Vigo, é relevado por Carlos Príncipe ó fronte dun goberno tripartito formado polo PSdeG-PSOE, Esquerda Galega (EG) e Bloque Nacionalista Galego (BNG), e nese goberno está Ana Gandón na Concellería da Muller. As iniciativas que Ana Gandón porá en marcha no eido da política de muller do Concello fan dela unha personaxe imprescindible na historia das Vocalías da Muller de Vigo, e sen dubida, sen o seu traballo o longo de todos estes anos ata a súa retirada da vida política no pasado ano 2003, a realidade da muller de Vigo sería hoxe ben distinta. *"As mulleres de Vigo debémoslle moitísimo a Ana Gandón"*, din Maruchi Fernández da Vocalía da Muller da Asociación Veciñal de San Andrés de Comesaña, resumindo nas súas palabras o pensamento de moitas das mulleres da cidade.

A cuestión é que, nese final de ano do 91, coinciden no tempo, por unha banda o traballo que se viña desenvolvendo dende a Federación Veciñal "Eduardo Chao" a prol dos

dereitos das mulleres e por outra, as actividades e cursos subvencionados pola Concellería de Muller destinados a "sacar as mulleres da casa". Esta frase, que xa servira de "leiv motiv" das actuacións de María Xosé Porteiro dende o ano 88, volve a aparecer como argumento básico e denominador común na consolidación definitiva das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais.

Nos derradeiros días do ano 91, no mes de Decembro, a Concellería da Muller do Concello de Vigo diríxese á Federación Veciñal "Eduardo Chao" có fin de solicitar información sobre a existencia dunha Vocalía da Muller na propia Federación, principalmente de cara a obtención de posibles subvencións. A comisión permanente da Federación Veciñal resposta dicindo que non existe tal vocalía no seu seo, aínda que están a traballar para creala e que teñen intención de facelo nos meses seguintes, pero que para isto precisan de axudas para sufraga-los gastos dos desprazamentos de varias representantes da Federación a encontros de carácter estatal, como é o caso dos congresos, ámbolos dous organizados pola Confederación de Asociacións de Vecinos de España (CAVE), "Mujer y Movimiento Vecinal"1, celebrado en Madrid, e sobre todo, o "II Encuentro de Mujer y Movimiento Vecinal" que tería lugar na illa de Tenerife nos primeiros días do mes Maio do ano 92, ó que finalmente asisten dúas mulleres en representación da Federación Veciñal de Vigo "Eduardo Chao" e que ten un importante papel na historia das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais viguesas.

Unha das dúas mulleres que viaxa a Tenerife é Begoña González, veciña de Sárdoma, e que naquel intre está a traballar para a Federación Veciñal como animadora sociocultural. A outra muller era Iraida Montejo, veciña do barrio da Salgueira, e que había de ser logo a primeira representante da Vocalía da Muller da Federación de Veciñal "Eduardo Chao".

O movemento veciñal de Vigo pasa por ser un dos mais fortes, ben estruturados e con mais historia de toda a xeografía nacional. No seu libro "Vigueses na democracia", o xornalista Diego Pérez rescata un vello texto do Ministerio da Gobernación franquista dos derradeiros días da dictadura, no ano 75, no que se falaba de "actividades subversivas" nalgúns barrios da cidade de Vigo, mais en concreto, en Coia, Calvario e Ribadavia. Actividades que nos mais dos casos tiñan como orixe problemas certos, concretos e reais dos veciños, pero que en palabras do infausto Ministerio a súa verdadeira finalidade era a de *"separar al pueblo de la autoridad, convencer a la poblacion de la necesidad de derrocar al regimen actual, paralizar la vida ciudadana cuando convoque la Huelga General y crear órganos paralelos al Poder"*.

Aínda que sexa de xeito accidental, non está de mais o lembrar aquí como anos despois destas afirmacións do Ministerio da Gobernación, e xa co réxime democrático consolidado, políticos de diferentes ideoloxías acusaron, en varias ocasións, ó movemento veciñal vigués do mesmo, de crear unha estrutura de poder paralela á institucionalizada, ou de ter demasiada influencia sobre a cidadanía, o que fala moi ás claras do receo que a meirande

parte dos políticos de tódolos signos e ideoloxías senten sempre, case que por sistema, diante de colectivos saídos da sociedade civil, neste caso Asociacións Veciñais, cunha forte capacidade reivindicación e mobilización.

Nos derradeiros momentos da dictadura do Xeral Franco, no ano 68, aparecen en España as primeiras Asociacións de Veciños no entorno do xurdimento dunha oposición democrática ó franquismo, en moitas ocasións, á calor dos novos problemas motivados pola chegada de milleiros de persoas procedentes do ámbito rural ás cidades na busca dunha mellor situación económica, nun momento no que as perspectivas de que a medio prazo as cousas empezaran a cambiar en España comezaban a ser plausibles.

No período comprendido entre ese ano 68 e o ano 77, nacen en España mais dun milleiro de Asociacións nos barrios de todo o país. Como xa vimos con anterioridade, as primeiras Asociacións Veciñais legalmente constituídas aparecen en Vigo neses anos 70. Calvario ocupa o primeiro posto en canto á data da constitución, a principios do ano 75, aínda que Teis é a primeira que ve os seus estatutos aprobados polo Goberno Civil no mes de abril do ano 1976.

Esta longa traxectoria das Asociacións de Veciños da cidade e o traballo continuado e altruísta de centos e centos de persoas son a razón última da ben gañada reputación do movemento veciñal vigués. O pouco de estaren finalmente artillada a infraestrutura asociativa que hoxe aínda segue a funcionar, e dicir, unha Federación na que están integradas a meirande parte das Asociacións Veciñais da cidade, Fernando Martos, naquel momento presidente da CAVE visita Vigo, e o fai para discutir co Concello algunhas

cuestións relacionadas coa VI Asamblea Nacional da CAVE, que había de ter lugar en Vigo no mes de Marzo do ano seguinte. Nunha roda de prensa, Fernando Martos fai unhas declaracións nas que afirma que *"Vigo dispone de una de las mejores infraestructuras de España, ya le gustaría a algunas asociaciones que hay en otros lugares tener los locales que tienen algunas aquí"*. Opinións no mesmo senso que esta repetíranse mais veces ó longo da historia do movemento veciñal vigués. Iraida Montejo y Begoña González lembran como en mais dunha ocasión, Vigo era posta como exemplo nas asembleas nacionais da Confederación de Asociacións de Veciños de España y a admiración que a potencialidade do movemento veciñal vigués espertaba nos representantes doutras cidades, unha admiración da que, por outra banda, son perfectamente conscientes todos os homes e mulleres que dalgún xeito teñen relación co movemento veciñal de Vigo e que se traduce nun non disimulado orgullo por formar parte dunha organización social coma esta.

Sen embargo, para chegar dese final da dictadura ata o momento da constitución da que ata agora é a estrutura de funcionamento do movemento veciñal, tiñan que pasar uns cantos anos e unhas cantas cousas. Polo de pronto, no ano 1978 celébrase a primeira asemblea da Coordinadora de Asociacións. Xa antes, no ano 76 rexístranse intentos de artellar a devandita Coordinadora, intentos que remataran nese ano 78 coa súa definitiva posta en marcha. Catro anos mais tarde, en novembro de 1982, en Panxón, reúnen os representantes de tódalas Asociacións do movemento veciñal no Primeiro Congreso de Asociacións de Veciños de Vigo e Bisbarra, e tras esta xuntanza, crease a Federación de

Asociacións de Veciños de Vigo e Bisbarra que había de subsistir a duras penas durante a meirande parte dos anos oitenta ata a súa disolución. Sen embargo, e malia esta circunstancia, os problemas á hora de escoller xunta directiva, e da súa falla de operatividade, as Asociacións de Veciños deciden non abandonar o proxecto de contar cunha Federación que dalgún xeito unifique o traballo de todas elas.

A Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" aparecerá como tal no mes de Novembro do ano 1988. A súa constitución legal definitiva prodúcese o 26 de novembro dese mesmo ano. Xosé Antonio Bastos Rodríguez, da Asociación Veciñal de Castrelos, como Presidente, Antón Bouzas, da Asociación Casco Vello, como secretario, Manuel da Veiga, da Asociación de Veciños do Calvario, exercendo de tesoureiro, xunto a Cándido Iglesias, de Coruxo, Carmen Fernández, da Asociación do Val do Fragoso, Xulio Larrañaga, de Teis e Alberto López, de Saians, formaban a histórica primeira comisión permanente da Federación Veciñal de Vigo. O que fora ministro da República, Eduardo Chao, dálle nome, e na súa declaración de principios citase a preocupación polo medio ambiente, a cultura, as liberdades públicas e *"a defensa dos dereitos das mulleres dentro e fora da Federación e a denuncia dos malos tratos"*.

Falamos antes da prensa local, e de como dende principios da década dos noventa recolle cada vez con maior frecuencia noticias o respecto da actividade do mundo asociativo. Nos derradeiros meses do ano 91 esa actividade do movemento veciñal acelerase. En Marzo firmase o Convenio

de Participación entre a Federación e o Concello e comeza a fase de elaboración do correspondente regulamento. En Setembro dese mesmo ano, catro representantes de Asociacións de Veciños viaxan a Mallorca co fin de estudar o funcionamento do movemento veciñal nas illas baleares, naquel intre, o mellor considerado de España. Tamén nese mes, a Federación "Eduardo Chao" contrata unha empresa especializada na elaboración de enquisas co fin de determinar os verdadeiros intereses e necesidades dos veciños. Ó mesmo tempo, dende Vigo traballase intensamente nestes últimos meses do ano 91 na constitución da Confederación Veciñal Galega.

Naqueles anos, a Federación non contaba cun local propio e non será ata Febreiro do seguinte ano 92 cando o Concello lle ceda o local da rúa Ecuador. O certo é que dende o seu nacemento no 88, a Federación no tería demasiada colaboración por parte do Concello, nin con axudas económicas, nin tampouco outorgándolles representación en organismos municipais. Dende o goberno municipal acusase a Federación Veciñal de estar unicamente interesada en acapalar poder e diñeiro e de, como xa vimos, crear unha estrutura de poder paralela á do Consistorio.

No ano 90, Amador Fernández, da Asociación do Calvario, chega a Presidencia da Federación Veciñal, e con el, Xabier Pérez, Xosé Manuel Pérez, Xosé Rodríguez, Xulio Larrañaga, Vitorino Enríquez e Celso Rodríguez. Moitas cousas están a piques de cambiar, pero mentres non e así, o equipo de Amador Fernández traballa dende un espacio cedido pola Asociación de Veciños do Calvario.

PRIMEIROS PASOS

"A grandes trazos, o programa consiste no apoio a un grupo de mulleres mais activas, na súa maioría amas de casa que xa estaban implicadas no traballo na asociación da súa parroquia ou barrio, para a creación de Vocalías da Muller nas Asociacións Veciñais, aínda que tamén noutros ámbitos, co fin de crear grupos estables de dinamización de mulleres no seu entorno". (Amada Traba Díaz. Socióloga da Concellería da Muller do Concello de Vigo)

Cada unha das mulleres implicadas dun xeito activo na vida do seu barrio, da súa parroquia, na súa asociación veciñal, ten unha forma diferente explica-lo que significou o feito da aparición das Vocalías da Muller. Estes diferentes modos de contar, de lembrar os primeiros anos das Vocalías nas Asociacións de Veciños, non oculta, sen embargo, que a historia foxe a mesma no máis dos casos. Tódalas protagonistas falan con entusiasmo de aqueles primeiros anos, do que supuxo cambia-la relación cos homes que naquel intre dominaban as Asociacións Veciñais, dos atrancos co diñeiro, das horas botadas no local da asociación, e do moito que pagou a pena o traballo de todos estes anos.

No xa citado artigo publicado na revista Cooperativismo e economía social, María Pilar Díaz de Bustamante explica con precisión o que significou o nacemento das Vocalías da Muller como o *"desexo e a necesidade colectiva de dispor dun lugar de encontro coas outras, dunha tarefa común de*

traballo para elaborar obras perdurables e apreciadas socialmente - o que é moi importante para calquera que faga o traballo da casa, invisible, perecedoiro e repetitivo - un lugar para dar impulso a reflexión sobre os propios desexos e capacidades, sobre as nosas posibilidades de facer, participar e ser tidas en conta".

Esta historia, a historia das Vocalías da Muller, dende a súa aparición ata hoxe, o ano 2004, agora que a presidencia da Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao a ocupa unha muller, é a historia dunha loita de centos, de miles de mulleres por ocupar o espacio que lles pertencía, que lles pertence.

Xa mencionamos o Segundo Encontro de Mulleres de Tenerife de Maio do ano 92. Nese encontro tómanse varias decisións, todas elas orientadas nun só senso, que as mulleres saian das súas casas e que as que están a traballar nas Asociacións Veciñais asuman postos directivos, cargos con capacidade de decisión na vida dos seus barrios, e non reduzan a súa participación ó traballo de base. Superalo "non sei, non estou preparada" era a consigna. Uns "non sei, non estou preparada" que, como explica Begoña González, aparecían case sempre que se lle formulaba a posibilidade de ocupar un posto nas directivas das Asociacións a maior parte das mulleres que estaban naquel intre a traballar no movemento veciñal, uns "non sei" que debían ser substituídos por "a muller que traballa ten dereito a decidir". O fomento das Vocalías de Muller en Federacións, Asociacións Veciñais e na propia Confederación de Asociacións Veciñais de España, a CAVE, organizadora do encontro, era unha actuación máis

dentro desta liña de traballo de reivindicación do papel da muller na sociedade civil e na vida dos barrios.

A volta de Tenerife comezan os traballos de creación da Vocalía da Muller da Federación Veciñal nos que Begoña González participa por encargo do Presidente da Federación, Amador Fernández. Unha Vocalía da Muller que nace cunha idea; ser unha prolongación do traballo das mulleres nas súas asociación, unha plataforma de traballo conxunto para todas elas.

Nunha das asembleas de traballo, Iraida Montejo, que como xa vimos viaxara o Encontro de Tenerife con Begoña González, resulta elixida para ocupa-lo cargo de representante da Vocalía de Muller da Federación. Tódolos demais departamentos, cultura, urbanismo, etc, tiñan xa responsables menos o de muller, así que deste xeito, Iraida convertese na primeira representante da historia da Vocalía da Muller da Federación Veciñal "Eduardo Chao".

Iraida Montejo chegara o mundo veciñal uns anos atrás, no 90, en plena eclosión do asociacionismo en Vigo. A cidade estaba chea de problemas por solucionar, problemas que mobilizaban a veciñanzas do rural e do casco urbano que aspiraban a mellorar as súas condicións de vida, as de as súas familias, dos seus fillos e fillas. Iraida era naquel momento, e sigue sendo agora, veciña do barrio da Salgueira, vivía preto do local da Asociación, desexaba traballar a prol dos seus veciños, e sobre todo quería que a súa filla, unha nena naquel entón, tivera a oportunidade de gozar dunha vida mellor no seu propio barrio, así que todas esas convertéronse nas motivacións de Iraida para entrar a

traballar primeiro na Vocalía da Muller da Asociación de Veciños da Salgueira e mais tarde na Federación Veciñal, e que a mantiveron no movemento veciñal durante moitos anos ata que abandonouno para pasar a desenvolver un importante labor a prol da terceira idade do seu barrio.

Unha vez constituída a Vocalía da Muller da Federación, xorden as primeiras propostas de planes de traballo para os seus comezos, e ademais de, por suposto, o proxecto de fomenta-la aparición de Vocalías en tódalas Asociacións Veciñais, están tamén a posta en marcha de cursos de formación, educación para adultas, elaboración de guías de turismo cultural nas parroquias e barrios feitas polas propias mulleres, etc.

Asemade, nunha daquelas primeiras asembleas acordase consecuentemente que Iraida, como nova encargada da Vocalía, fora tamén a representante no recen creado Consello Municipal da Muller. A actividade é cada vez mais forte e pouco a pouco comezan as reunións coas futuras vocais das distintas Asociacións Veciñais. As xuntanzas celébranse cada vez no local dunha Asociación, co fin de facilitar os desprazamentos e así evita-los atrancos para asistir as convocatorias, e se orixinalmente son catro ou cinco as responsables das Vocalías que acoden a eses encontros, Valadares, A Salgueira, Candean, Teis, Comesaña, mediado o ano 92, xa son máis de dez as Vocalías das Asociacións presentes nas reunións. Os poucos meses, en Marzo do ano 93, o local da Asociación de Valadares acolle a primeira xuntanza das Vocalías de Muller existentes co fin de facer unha valoración do traballo desenvolvido naqueles primeiros días. As palabras coas que Begoña González, como secretaria

da Vocalía da Muller da Federación, abre a xornada recollen moi ben o espírito do traballo de todas aquelas mulleres:

"Nestas primeiras xornadas nos marcamos como principal obxectivo valorar realmente o grande labor que as mulleres facemos dentro do movemento veciñal. Moitas veces escoitamos a mulleres que están desenvolvendo un traballo importantísimo día a día na súa asociación que din: eu non sei, eu non podo, non estou preparada, cando se lle propoñen diferentes responsabilidades nas que debe compartilo seu traballo cos homes. Pensamos que esta realidade non e mais que unha valoración negativa de nos mesmas que repercute no labor que realizamos. Precisamente coñecer a situación que vivimos as vocalías, para que o noso futuro vaia construíndose sobre o autorecoñecemento e se fundamente na propia experiencia que nestes momentos e que as mulleres levan adiante diversas responsabilidades dende os traballos de base ata formar parte das xuntas directivas. A natureza do movemento veciñal como elemento básico de organización e cambio social determina a participación das mulleres e fai posible este cambio social que supón a igualdade no traballo compartido"

SAIR DA CASA

"O primeiro era que as mulleres saíran da casa. Non sabíamos como, nin de que forma." (Rosa Vila, Castrelos)

Como xa vimos, nas eleccións municipais de 1991, Carlos Príncipe, do PSdeG-PSOE, chega a alcaldía, e Ana Gandón, de Esquerda Galega (EG), ocupa a Concellería de Muller. Ós poucos meses, a nova Concelleira, anuncia nunha roda de prensa que as actividades da súa concellería estarán todas orientadas a que *"as cidadáns saian das súas casas"*. O orzamento do que dispoñen para acadalo seus fins e de cento vinte millóns de pesetas, e a idea de Ana Gandón é a de desenvolver un amplo número de actuacións, todas elas adaptadas a un plan, entón aínda por redactar, de igualdade de oportunidades, que había de abranguer dende aquel intre ata o ano 1995. Este orzamento de cento vinte millóns de pesetas era, en palabras da propia Ana Gandón, *"o maior deste departamento do Concello en toda a súa historia, pero resulta a todas luces insuficiente para poder acometer toda a tarefa por facer no campo de participación da muller na vida cidadán"*.

O Concello firma convenios con asociacións de mulleres como Mulleres Progresistas ou Mulleres Xoves Area, convenios destinados a que as mulleres de Vigo dispoñan de máis tempo libre para a súa formación ou a busca dun emprego a través da xestión de programas como Kanguros, un programa consistente na creación de un equipo de mulleres dedicadas

ao coidado de nenos, ou tamén mediante a entrada en funcionamento do Centro de Información das Mulleres Xoves de Vigo.

Entre todas estas actividades postas en marcha dende a Concellería da Muller está a de potenciar que en todas as Asociacións de barrios e parroquias da cidade haxa unha Vocalía da Muller, co fin de mellorar e crear servicios de información, contribuír a mellorar a autoestima das mulleres, a súa formación profesional, reivindicar-lo papel das mulleres e lograr a súa participación na vida da cidadanía, conseguir que *"as mulleres co desexen saian da casa e que, como cidadáns de pleno dereito, teñan os mesmos dereitos cos homes na rúa...Cada vez e menor o numero de mulleres que non queren vivir dependentes e condicionadas a vida domestica e cada vez maior as que queren exercer o dereito a unha vida independente"*.

No que atinxe as Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais, a cantidade concreta destinada polo Concello para fomentar-la súa creación ascende a catrocentas mil pesetas para o primeiro semestre do ano 92, e son dezasete as que xa están a funcionar nos primeiros meses dese mesmo ano, aínda que nesta cifra están incluídas non só as Vocalías das Asociacións Veciñais senón tamén as doutras asociacións. Algunhas destas Vocalías da Muller xa existían con anterioridade a estas datas, as menos, e certo; o resto son o froito do traballo desenvolvido dende a Federación Veciñal "Eduardo Chao" e da política municipal de Ana Gandón o fronte da Concellería de Muller.

Neses anos, xunto ao desenvolvemento e consolidación das Vocalías da Muller, a cidade de Vigo e testemuña tamén da posta en marcha de mais programas e actuacións e da constitución doutras estruturas dedicadas a defensa dos dereitos das mulleres. A Casa da Muller xa está a funcionar dende o ano 90. Dende o Concello ponse en marcha outro programa, "Asume a túa responsabilidade", que consiste en levar os colexios e os institutos *"un cambio de actitude respecto o traballo compartido por tódolos membros dunha casa"*, tal como o explica a Concelleira Ana Gandón. No mes de Novembro do 92 a Federación de Universidades Populares dona á Universidade Popular de Vigo cinco millóns de pesetas para cursos de alfabetización de mulleres co fin de contribuír a poñer algún remedio a un problema, o do analfabetismo entre as mulleres, que a Enquisa sobre Muller realizada no ano 88 pola Concellería de María Xosé Porteiro revelara cifras realmente preocupantes.

A finais do ano 93, no mes de Decembro, constitúese en Vigo o Consello Municipal da Muller, o primeiro e único en toda Galicia naquel tempo. A Concelleira da Muller, Ana Gandón, presenta este Consello Municipal da Muller como un *"fronte unido para alcanzar obxectivos comúns"*. Neste Consello están presentes as trece asociacións de mulleres existentes na cidade, secretarías de muller das organizacións sindicais, representantes de grupos políticos, e por suposto as Vocalías de Muller das Asociacións Veciñais e da Federación Eduardo Chao, aínda que inicialmente non resulta doado chegar a un acordo respecto a cal debe ser a forma de participación.

As Vocalías de Muller das Asociacións Veciños non son, polo tanto, un feito illado, e a súa aparición non podería entenderse ben sen ter en conta tódalas actuacións realizadas dende o Concello, e sen lembrar que no movemento asociativo de Vigo, xa dende os anos setenta, existían asociacións de mulleres de varias tendencias ideolóxicas diferentes. A sociedade civil de todo o país estruturase e organizase cada vez máis dende o final da dictadura franquista, e a medida que a democracia vaise consolidando, a vitalidade dos cidadáns e o interese polos problemas que lles atinxen e cada vez mais patente.

Así, as Vocalías da Muller xorden nun momento no que en Vigo xa podíamos atopar, en palabra de María Pila Díaz de Bustamante, *"dúas xeracións de viguesas" formadas e informadas a través de intervencións reivindicativas, con diversos xeitos organizativos e variadas concepcións do papel das mulleres"*.

Todo esta "fronte común", como Ana Gandón define o Consello da muller no que están presentes todas as institucións e colectivos formados por mulleres, ou dedicados as mulleres, loitan por un obxectivo, "saca-las mulleres da casa". A socióloga Amada Traba Díaz, da Concellería da Muller do Concello de Vigo, nun artigo titulado Xénero e Territorio no Concello de Vigo, refírese a todo este movemento como *"Programas entendidos como a ampliación das súas actividades no espacio e no tempo, pero sobre todo nos aspectos cualitativos destas coordenadas; novos espazos e tempos diversos nos que desenvolver actividades que excedan a perspectiva do doméstico"*. Miremos cara onde miremos as valoracións, ou as interpretacións, ou

os sentimentos que explican o que todo isto significou, son sempre os mesmos, saca-las mulleres da casa, que elas sairán pola súa propia vontade, era un labor do que non se podía prescindir. Mulleres de tódolos barrios da Vigo, de tódalas idades, estados sociais e condicións accederon a unha situación nova a partir daqueles intres.

No mesmo artigo, Amada Traba resumía perfectamente algúns dos cambios que a iniciativa municipal de fomenta-las Vocalías da Muller nas Asociacións Veciñais e a actividade propia destas tiñan producido nas vidas das mulleres da cidade:

"Nos hábitos familiares, diminución da súa presenza constante a determinadas horas e da responsabilidade exclusiva nos asuntos domésticos.

Nas súas motivacións e intereses, mellora das capacidades comunicativas, interese pola formación e pro temas considerados públicos.

En certos hábitos de vida, como saír a cear algunha vez con mulleres, tomar café antes o despois das actividades da asociación ou ir de excursión sen maridos.

Na asunción de novas responsabilidades, facéndose cargo da organización e posta en practica de distintas actividades da asociación.

No acceso a postos de decisión no movemento asociativo Nas estruturas das asociacións consistentes na creación de vocalías da muller na case totalidade das asociacións veciñais, así como en numerosas ocasións doutros ámbitos."

Pero todo isto non significa, nin moito menos, que unha vez postas en pé as Vocalías fora doado saca-las mulleres da casa. Rosa Fontaiña, responsable da Vocalía da Muller da Federación "Eduardo Chao" durante boa parte da década dos noventa, explicaba moi ben os atrancos cos que se atoparon nos primeiros momentos da existencia das Vocalías e a conseguinte posta en marcha de cursos e demais actividades: *"inicialmente foi moi duro convencer as mulleres de que non bastaba con estar na súa casa, atendendo á familia, porque había moitas cousas fora que lles podían interesar"*. Ademais, a dificultade non era a mesma en tódolos barrios, porque existían, coma hoxe existen, diferencias evidentes entre os modos de vida do núcleo urbano e as parroquias da periferia rural. Un rural, onde, en palabras de Rosa, unha das mulleres que forma o actual grupo de traballo da Vocalía de San Andrés de Comesaña, *"as mulleres non estaban acostumadas a saír, e nas máis das veces, as súas vidas estaban dedicadas os demais, home, fillos, casa, horta; unha muller no se permitía pensar en si mesma"*. Esta situación non era, ni dende logo segue a ser, patrimonio único da parroquia de Comesaña.

Dende un barrio que foi rural fai xa tempo, e que hoxe forma parte do centro da cidade, un barrio que pasou por tódolos problemas propios da urbanización masiva e acelerada, dende o barrio de Coia, confirma esta idea, Dolores Casariego. Ela chegou a Asociación de Veciños Camiño Vello de Coia no ano 1993, cando Elena González, a que hoxe é Presidenta da Federación Veciñal Eduardo Chao, convertíase en unha das contadas mulleres que pasaba desenvolver por aquel entón a máxima responsabilidade dunha Asociación de

Veciños. Ó pouco tempo, Dolores fíxose cargo da Vocalía de Muller de Coia. Anos mais tarde relevaría a Rosa Fontaiña na Vocalía da Muller da Federación "Eduardo Chao". Actualmente é a máxima responsable da Vocalía de Cultura da propia Federación. *"Durante os dous primeiros anos o obxectivo de saír da casa era insubstituíble, básico, o lema era "sal da casa". A importancia foi inmensa sobre todo no rural. Reunirse coas demais mulleres da veciñanza, compartir problemas, darse conta de que moitos deses problemas eran comúns a moitas delas, que non eran tan terribles senón frecuentes...."*.

Dende a Vocalía da Muller de San Paio de Navia afondan mais nesta cuestión e insisten nas diferencias claras respecto ó que supón o traballo das Vocalías para as comunidades de mulleres do rural fronte aquelas outras que están dentro do casco urbano. No rural, moitas veces, a Asociación, as actividades que esta organiza, son unha das poucas oportunidades que unha persoa, especialmente unha muller, ten para desenvolver a súa vida fora do fogar, para entraren en contacto có resto da veciñanza. Pola contra, no núcleo urbano, as oportunidades que ofrece a Asociación, a Vocalía da Muller, "compiten" con aquelas outras que a vida da propia urbe ofrece. De aí que en moitas ocasións sexa tan claro o feito de que nas Asociacións de Veciños situadas na periferia da cidade, o nivel de implicación e de participación dos cidadáns na vida veciñal é moito maior que nas do centro urbano.

Sen embargo, en tódalas Asociacións Veciñais, nas da periferia e nas do centro, nas que contan con mais asociados ou naquelas mais minoritarias, conseguir cas mulleres traballaran xunto cós homes que durante tanto tempo monopolizaran case que exclusiva o movemento veciñal, ó menos a súa vertente mais publica, foi unha tarefa ardua.

"A muller sempre é antes que nada muller, persoa soamente a tempo parcial. Ante todo e nai, despois esposa, e logo persoa." Rosa Vila Cardoso traballou a prol das Vocalías da Muller das Asociacións, da Federación, e de todo o movemento veciñal case que dende "o principio dos tempos". Dezaoito anos de actividade na Asociación de Veciños de Castrelos, actividade que *"cústache diñeiro, saúde, amor, e todo"*. Rosa lembra cada intento por levar as mulleres lonxe das súas casa por unhas horas, o difícil que era incluso organizar as Xornadas de Mulleres Veciñais fora da cidade, tal e como ela vira que se facía noutras vilas da xeografía nacional. Pero sempre chocaban contra o mesmo, a imposibilidade de moitas das mulleres de deixar atrás, sequera por uns intres, familia, home, casa, fillos... unha hora, un día, unha noite. As palabras doutras das mulleres que xa forma parte da historia do movemento veciñal vigués, Maruchi Fernández, de San Andrés de Comesaña, axudan a explicar mellor a situación. *"A vocalía permitiu as mulleres dende os seus inicios saca-lo mandil e mailas zapatillas durante unhas horas o día dedicándose algún tempo, mentres que con anterioridade entregaban toda a súa atención na familia."*

Ó final da quinta edición das Xornadas das Mulleres do Movemento Veciñal de Vigo celebrouse, como e tradición, unha cea no Hotel Samil. Mais de duascenas mulleres asistiron a devandita cea, e nela, María Comesaña, unha muller de 62 anos, declara a prensa que aquela era a primeira vez, nos seus 62 anos de vida, que saía da casa de noite sen o seu home.

Poderíamos multiplica-la historia de María Comesaña por mil para tratar de entende-lo valor do traballo feito polas Vocalías da Muller das Asociacións de Veciños de Vigo; poderíamos multiplicala por mil, ou por dez mil e aínda así quedaríamos curtos. Porque como xa veremos ó longo destas paxinas, a simplicidade xenial dunha frase coma esta, "sacalas mulleres da casa", non pode dar a verdadeira dimensión dun movemento de mulleres tan grande como o que había de ter lugar en Vigo dende eses primeiros momentos en adiante, nin ocultar tódolos conflitos, esforzos e desvelos que centos, miles de mulleres tiveron que afrontar, nun proceso que comezaría pouco a pouco a abrírlles camiños que as levarían a ocupar o seu merecido posto na sociedade.

ATRANCOS

"En ningunha das Asociacións foi fácil crear a Vocalía da Muller". (Iraida Montejo. Responsable da Vocalía da Muller da Federación Veciñal de Vigo "Eduardo Chao")

No mes de Setembro do ano 92 a Federación Veciñal Eduardo Chao organiza a I edición da Festa do Veciño e o fai no parque de Castrelos. O movemento veciñal encontrase nunha época de esplendor e crecemento, participando dunha maneira moi activa nos conflitos e problemas dos barrios de Vigo, mostrándose como un axente moi importante a ter en conta, especialmente polas institucións e responsables políticos, na vida da cidade. A Federación "Eduardo Chao", xa consolidada, está a piques de estreir o seu primeiro local, situado na rúa Ecuador e cedido polo Concello, e a chegada de feito expreso das mulleres as Asociacións Veciñais, fenómeno que acaba de comezar, aínda non fai un ano dende que Ana Gandón fixera publica a súa intención de saca-las mulleres da casa, está a introducir un elemento novo na vida de todo o movemento veciñal.

Coa I Festa do Veciño, hoxe consolidada, a Federación "Eduardo Chao" pretendía naquel intre que a clase política entendera que *"as Asociacións de Veciños non nos limitamos unicamente a solicitar melloras para os nosos barrios, senón que ademais realizamos un importante labor cultural"*, tal e como dicía Amador Fernández, Presidente da Federación Veciñal. A festa non conta cunha gran colaboración por parte do Concello que lles nega o acceso a algunhas das zoas do parque de Castrelos e restrinxe a axuda económica, pero

aínda así, mais de setecentas persoas acoden a convocatoria festiva, na que ademais, van a recibir unha homenaxe varias persoas cunha traxectoria longa e recoñecida no movemento veciñal. Amador Fernández declara que: "...con esta homenaxe, o colectivo veciñal de Vigo quere expresa-la súa gratitude e recoñecemento a xente que de xeito altruísta, consagrou unha parte importante da súa vida a mellorar as condicións de vida nos seus barrios e nas súas parroquias". Trece persoas de diferentes barrios de Vigo son as propostas polas súas propias Asociacións para recibir esta homenaxe; destas trece persoas, ¡soamente unha e muller!, Carmen Rodríguez Campos da Asociación de Veciños de Teis.

Esta desproporción pode dalgún xeito dar unha idea da situación deste universo veciñal neses anos. As mulleres traballaban, estaban nas Asociacións, pero como lembra Iraida Montejo, "*as mulleres estaban nun segundo plano*", e si a penas había mulleres nas directivas, vemos como a hora dos recoñecementos e de render homenaxe a persoas que contribuirán a traxectoria do movemento veciñal, as mulleres no eran tampouco demasiado tidas en conta.

María del Carmen Fernández, "Maruchi", é de Comesaña. Leva xa moitos anos no movemento veciñal, traballando dende a Asociación de Veciños do seu barrio, dende a Federación Eduardo Chao, e ó fronte da Vocalía da Muller de San Andrés de Comesaña dende a súa creación ata agora. Fala polo tanto con coñecemento de causa. Traballou, e traballa, polas mulleres de Vigo, e afirma que o seguira a facer mentres sexa necesario reivindicar algún dereito na rúa. Maruchi ten claro, como a maioría das mulleres das Vocalías, as mulleres

do movemento veciñal, que son elas as que sofren en maior medida os problemas da vida cotiá, as carencias dos barrios, das parroquias, e as que teñen que buscar solucións a todas esas cuestións, e iso é precisamente o que foi para ela a Vocalía da Muller, unha solución, un camiño. Un camiño que para Maruchi, como para as demais mulleres de Comesaña, e para outras moitas doutros barrios de Vigo non foi especialmente doado.

Dicir que a formación de todas e cada unha das trinta e dúas Vocalías da Muller existentes na actualidade noutras tantas Asociación Veciñais estivo chea de atrancos e pexas enormes podería non ser certo, pero tal e como reza a frase de Iraida Montejo que abre este capítulo: "*En ningunha das asociacións foi fácil crear a vocalía da muller*". E a maior das dificultades coa que as mulleres das Vocalías tiveronse que enfrontar en moitos casos foi a reacción de moitos dos homes que durante vinte anos dominaron as Asociacións como terreo propio e que non sempre mostráronse moi de acordo coa creación das Vocalías da Muller.

"*Dábannos de comer aparte*". Deste xeito tan gráfico describe Begoña González esa reacción dos homes de moitas Asociacións Veciñais perante as primeiras xuntanzas da Federación coas mulleres de cada barrio có fin de crear as respectivas Vocalías da Muller. E ese foi mais ou menos o que Maruchi e a súas compañeiras de Vocalía da Muller de San Andrés de Comesaña atopáronse nos derradeiros días do ano 92.

O grupo de mulleres que decidiu naquel intre na parroquia de Comesaña crear "*un espacio propio para as mulleres do barrio*", din Maruchi, non encontrou demasiadas

facilidades para isto, nin entre as persoas que formaban entón as directivas dos diferentes colectivos do barrio, nin tampouco entre moitos dos seus veciños. Hoxe, Maruchi e as súas compañeiras lembran, e sorrín ó facelo, o que era ir cada día ó local da Cultural Nautilus e o que significaba ter que pasar pola cafetería do centro, entón chea de homes, para chegar o despacho da Vocalía. *"Ó principio iamos con medo"*, din Rosa, *"sempre había algún que miraba por enriba e sen embargo, hoxe en día tratase de algo natural"*

O 29 do mes de Novembro do ano 93, na sede da Asociación Outeiro de San Andrés de Comesaña, firmase o acordo de integración da Vocalía da Muller na devandita asociación. Sofia Martínez Cameselle, Elena Álvarez Alonso y María del Carmen Fernández López, son as asinantes do acordo por parte da nacente Vocalía, un acordo escrito no que queda ben claro, que o peso e a organización da Vocalía é responsabilidade exclusiva das mulleres. O receo dos homes palpase no texto do acordo. Xa antes, en Decembro do ano 92, a constitución da Vocalía estivo *"a piques de provoca-la división no seo da parroquia de San Andrés de Comesaña"*; ese é o xeito como o recollen os xornais da cidade. Unha boa parte dos veciños tiña a idea de que unha Vocalía dedicada a muller era algo que quedaba fora dos fines propios da Asociación de Veciños, fines principalmente folclóricos e musicais principalmente, e que polo tanto, a inclusión de intereses distintos a eses podía supor *"ó incorrer en intervencionismos que no eran da súa competencia"*. Xunto á propia Asociación de Veciños, a Sociedade de Montes e maila Cultural Nautilus firman unha nota publica na que se chama a reflexión dos veciños e do propio Goberno municipal *"para que valoren a situación que vaise crear"*.

Pero a historia continua adiante e pouco tempo despois destes desacordos firmase o devandito convenio entre a Vocalía da Muller de San Andrés de Comesaña e a Sociedade Cultural Nautilus respecto ó uso dun local para o desenvolvemento das actividades da Vocalía; algo ó que a propia Cultural Nautilus negarase semanas atrás, razón pola cal a Vocalía de Muller tivera que recorrer a un grupo de baile tradicional do barrio, Ventos de Comesaña, que cedeu gratuitamente o uso do seu local á Vocalía.

Maruchi cree que o caso de Comesaña foi sen dubida un dos mais extremos de todo Vigo, e dende logo así debe ser si temos en conta que a "tensión" que xurdiu na parroquia co gallo da creación da Vocalía da Muller aparece, como vimos, recollida nos medios de comunicación da época, que falan varias veces da cuestión explicando a toma de posicións dos veciños.

Maruchi ten unha visión positiva da situación actual. Na súa Asociación, as mulleres traballan hoxe conxuntamente e sen diferencias cos homes. "*Os homes valoran o teu traballo*". Lembra cando non era así, sabe que aínda quedan moitas cousas por facer e ten claro que por moitos que sexan os problemas e desgustos sempre paga a pena.

Non sempre foi coma en San Andrés de Comesaña, ou coma en Sárdoma, onde a chegada das mulleres á directiva da Asociación supuxo que a penas ningún home quixera traballar con elas. Isto produciuse a pesar de que foran algúns dos vintedous homes da directiva os que tiveran a iniciativa de promove-la creación dunha Vocalía de Muller no barrio. Non resultou doado atopar mulleres en Sárdoma que estiveran

dispostas a facerse cargo da tarefa de poñer en pe a vocalía. Tras facerlle sen éxito a proposta a varias mulleres do barrio, finalmente dúas de elas convértense nas primeiras representantes da Vocalía da Muller. Alá polo verán de ese mesmo ano 91, María Victoria Conde Davila e Margarita Benavides Costas comezan a traballar axudadas por un grupo de mulleres voluntarias que si, por unha banda, querían desenvolver un traballo no ámbito veciñal, por outra, como era común naquel intre, poñían reparos á hora formar parte das directivas das Asociacións e ter que traballar xunto ós homes que monopolizaban os órganos de dirección e representación do movemento veciñal.

A primeira Vocalía da Muller de Sárdoma durou pouco máis duns meses. Razóns laborais fixeron que as dúas mulleres que organizaran esa primeira Vocalía tiveran que marchar, así que en Novembro do mesmo ano, María Celia Quiñones convertese na responsable da Vocalía de Muller de Sárdoma, e xunto a ela están Conchita Davila, María Elena Lago, Clara Lago Riveiro, Carmen Martínez, Carmen Movilla e Inocencia Puime Domínguez, e de novo, a estes nomes deberíamos engadir outro grupo de mulleres que non desexaban formar parte da Vocalía de maneira expresa. Con todo, o cambio é notable, sorprendente. En pouco máis de tres meses, no espazo de tempo que vai do verán ó mes de Novembro, de dúas mulleres na Vocalía, e de que ningunha máis quixera formar parte da mesma, pasan a ser sete mulleres totalmente integradas na estrutura da organización veciñal. Estamos a finais do ano 91, o goberno municipal acaba de cambiar, PSOE, BNG e EG xuntan as súas forzas para nomear alcalde a Carlos Príncipe; Ana Gandón é Concelleira de Muller e está a

piques de dirixirse, como xa dixemos, as asociacións veciñais e a Federación de Veciños Eduardo Chao, para saber si existen Vocalías de Muller. En Sárdoma si existía, e en tan só uns poucos meses lograran pasar de dous a sete mulleres, con nome e apelidos, traballando a prol do barrio.

Dous anos despois, no 93 en Sárdoma hai un cambio na directiva e a Asociación Veciñal "O Carballo" pasa a ser unha das poucas que conta cunha muller como Presidenta, xa que este posto e ocupado por Begoña González, unha das mulleres claves na formación da Vocalía de Muller da Federación, e que como vimos con anterioridade xa coñecía o que eran as respostas adversas dos homes en cada xuntanza organizada nas Asociacións Veciñais para explicarlles as mulleres das parroquias a necesidade de crear a súa Vocalía de Muller. Na Asociación de Sárdoma, Begoña González forma unha directiva practicamente composta por mulleres porque a maioría dos homes do barrio non queren traballar a carón das súas novas compañeiras de asociación.

Noutras Asociacións foi mais doado. Teis, Navia, Castrelos, San Miguel de Oia ou Lavadores, onde a chegada das mulleres supuxo incluso unha importante axuda para o desenrolo de todo o traballo veciñal, son un bo exemplo.

En Lavadores tamén recibiron unha comunicación do Concello a finais do ano 91; unha comunicación na que se lles preguntaba sobre a situación da Vocalía da Muller na devandita asociación veciñal. Tamén como noutros casos, en Lavadores xa había mulleres traballando no movemento veciñal antes de esta data de finais do 91, de feito, Carmen Avendaño era unha das dúas mulleres que fora presidenta

dunha asociación de veciños, Lavadores, antes dos anos noventa. Tamén antes desa data contaban xa con cursos de diversas materias organizados pola propia asociación, algúns deles dedicados a mulleres adultas; corte e confección, palillos, ximnasia feminina, e outros, nas que as asistentes eran nenas e rapazas novas; ballet, baile galego, gaita, guitarra, xadrez, ou informática.

A Vocalía da Muller de Lavadores constitúese de xeito definitivo nos primeiros meses do 92 e rapidamente solicita a axuda da Concellería de Muller do Concello de Vigo có fin de poñer en marcha as súas propias actividades. E comezan cun curso de manualidades rusas e outro sobre a historia de Vigo que incluía varias saídas culturais, como o Museo de Castrelos, as igrexas románicas doas arredores da cidade, Oia, Tui.... Todo isto contando, no só con apoio dos homes da Asociación, senón converténdose as mulleres nun apoio básico para as actividades desenvoltas no barrio. Desta Asociación e da súa Vocalía había de saír Rosa Fontaiña, a que sería despois a muller que durante mais tempo ocuparía o posto de responsable da Vocalía da Muller da Federación "Eduardo Chao".

IDEOLOXÍA VECIÑAL

"... pensamos que somos mulleres do movemento veciñal e queremos traballar dentro dos barrios para a muller, pero en compañía dos nosos compañeiros". (Informe da Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao)

O movemento veciñal é plural e diverso nas súas reivindicacións. De este xeito defíníanse as Asociacións de Veciños de toda España co gallo da celebración dos seus trinta anos de existencias no ano 98. *"El movimiento vecinal defiende con energía la participación como derecho ciudadano. No solo la democracia representativa, sino también la democracia participada de todos los ciudadanos. A los ciudadanos hay que consultarlos permanentemente, hay que escucharles en todas sus sugerencias y canalizar su participación en todas aquellas reas que les impliquen en sui barrio, pueblo o ciudad. En todos estos años las AA.VV. non han cejado en el empeño por mejorar las condiciones de vida de sus convecinos".*

A historia das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais de Vigo é unha desas historias que ó principio parecen pequenas e simples, pero que a pouco que entramos nelas, encontramos un mundo complexo, sorprendente e cheo de matices; un mundo feito de iso, de pequenas historias locais que nembargantes enlazan co que está a suceder noutras cidades, ou países, coa historia doutras mulleres que tamén,

coma en Vigo, naqueles anos loitaban por obter para as súas vidas moitos dos dereitos dos que durante tanto tempo se verán privadas. A idea coa que as Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais foron creadas en toda España non foi a de poñer en pe unha organización que defendera unicamente os intereses das mulleres senón a de que as mulleres, mais aló de ideoloxías ou conviccións políticas ou relixiosas ou de calquera outra índole, defenderan os seus intereses dende o interior das Asociacións de Veciños coma membros de plena igualdade das veciñanzas que eran, unha igualdade non recoñecida de xeito xeneralizado e que resultaba necesario gañar. Construír un espacio nó que as mulleres puideran traballar xuntas, traballar a prol das mulleres e tamén para o resto da sociedade, e ademais que fora este un traballo compartido cós homes.

As Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais non atenden entón a ideoloxías. Esta cuestión aparecera como motivo de debate no Segundo Encontro de Mulleres de Tenerife, onde foi formulada, por algunhas das asistentes, a posibilidade de integrar dentro do movemento veciñal ás asociacións independentes de mulleres, proposta que foi finalmente rexeitada por entenderen as congresistas que a introducción de elementos ideolóxicos no asociacionismo veciñal non axudaba a acadar o obxectivo de que as mulleres participaran dun xeito mas intenso, e en termos de igualdade de condicións cos homes, na dirección e toma de decisións no traballo das Asociacións nos barrios e parroquias, e de este xeito quedou reflectido nas conclusións do Encontro.

Esta cuestión é de novo presentada nas primeiras reunións que a Federación Eduardo Chao celebra coas Vocalías das Asociacións, e de novo a conclusión volve a ser a mesma, tal e como recollen os Informes da Vocalía da Muller da propia Federación, sendo naquel intre responsable da mesma Iraida Montejo: *"Como Vocalía da Muller do movemento veciñal que somos, deixamos constancia da nosa oposición a converternos en asociacións de mulleres, xa que pensamos que somos mulleres do movemento veciñal e queremos traballar dentro dos barrios para a muller, pero en compañía dos nosos compañeiros"*.

Ó longo de todos estes anos de existencia das Vocalías de Muller, as cuestións de índole ideolóxica ou as relacionadas coa formación e integración dentro do movemento veciñal de asociacións independentes de mulleres, teñen aparecido de maneira recorrente, e de feito, ademais das declaracións nas xuntanzas da CAVE ou dos informes da Federación, xa dende os primeiros momentos da existencia das Vocalías da Muller, tivo a súa aparición concreta nalgũa Asociación de Veciños como foi o caso de Valadares

María Vidal foi unha das mulleres que, xunto con Begoña González, Iraida, Maruchi, Rosa e o resto de mulleres que acudiron ós primeiros chamamentos da Federación e do Concello, mais esforzo e traballo aportou na creación dunha infraestrutura asociativa veciñal que hoxe mantense en perfecto funcionamento. Mulleres con inquedanzas que xa viñan desenvolvendo un labor a prol das veciñas dou seu barrio ou parroquia e que xuntáronse en torno a un fin común nos primeiros anos da década dos noventa. Este era o caso de

María e da súa Asociación, Valadares, unha das que contan con maior nivel de participación e afiliación dos seus veciños, e cunha das Vocalías da Muller mais activas e que mais propostas e posibilidades de formación e ocio ofrecía as mulleres xa dende os seus primeiros anos de funcionamento.

"En ningunha das asociacións foi fácil crear a vocalía da muller", dicía Iraida Montejo, xa o vimos. No caso de Valadares, un dos principais atrancos foi a aparición dun grupo de mulleres que tentaba desenvolver unha actividade paralela a da propia Vocalía. Tal e como o conta María Vidal, un cambio de directiva na Asociación supuxo a entrada de criterios políticos na actuación da mesma, criterios que naquel intre, non eran demasiado favorables a existencia dunha Vocalía da Muller dentro da Asociación, e menos dunha Vocalía tan activa e que podía acadar fondos das subvencións municipais como a de Valadares. De aí que a propia directiva fomentara a creación dun grupo independente de mulleres dentro da Asociación de Veciños, un grupo denominado Mulleres Rurais, que contaba coa súa propia Vocalía da Muller, e que malia non presentar un nivel de actividade nin tan sequera cércano ao da Vocalía da propia Asociación, representaba de novo un obstáculo para un dos obxectivos básicos da creación das Vocalías de Muller, o desenvolvemento dun traballo conxunto de tódalas mulleres do barrio a prol de tódalas mulleres do barrio, dende dentro de todos e cada un dos ámbitos das Asociacións Veciñais, ou como explicaba a Secretaria da vocalía da Federación, Begoña González: *"Vocalías, si, pero para estar en todo, compartindo cos homes o traballo completo da asociación"*.

REPRESENTACION

"La participación activa de la mujer en los procesos de toma de decisiones que se llevan a cabo en nuestra sociedad, es uno de los aspectos más importantes para conseguir la igualdad de oportunidades entre los hombres y las mujeres. Es necesario que una nueva concepción de la familia se incorpore a la sociedad, equilibrando el reparto de las responsabilidades familiares entre los sexos. Esta actitud beneficiará a todos los integrantes de la unidad familiar y a toda la sociedad. ¡Tu eres la protagonista del cambio!".
(Folleto editado por Asociaciones de Veciños)

O comezo deste estudio falabamos das transformacións nas sociedades europeas da década dos noventa. A situación de España non era, e en moitas cuestións segue aínda no 2004 sen ser, a de moitos países da Unión Europea. Europa cambiaba por completo a partir do ano 89 ó abrirse de súpeto as súas portas do leste, mentres España, xunto con Grecia e Portugal, loitaba aínda por deixar atrás a carga de ter saído na década dos setenta dunha prolongada dictadura que parecía non chegar nunca o seu fin; unha carga consistente nunhas estruturas productivas, económicas, culturais, e como non, nunha sociedade civil, lastradas por demasiados anos de illamento.

Nos primeiros días da década dos noventa, o movemento veciñal en España aglutina mais de dúas mil Asociaciones de Veciños, con mais dun millón y medio de persoas asociadas, pero a pesar destas impresionantes cifras, a situación das

Asociacións Veciñais, o seu funcionamento interno, non é distinta da do resto desa sociedade civil a que pertence nalgunhas cuestións, por exemplo, no recoñecemento das mulleres como membros iguais en tódolos ámbitos da sociedade do traballo, do ocio, da vida.

No mes de xaneiro do ano 1998, Rosa Fontaiña, entón responsable da Vocalía da Muller da Federación de Veciños Eduardo Chao, presentou en Vigo o estudo da antropóloga sueca e profesora da universidade de Umeå, Britt-Marie Thurén, "¿Mujeres en casa, hombres en la calle?", editado pola Confederación de Asociaciones de Vecinos de España (CAVE), na Biblioteca Básica Vecinal. Para Britt-Marie Thurén, tras vivir un longo período de tempo en varias cidades de España recollendo datos para o seu estudo, Vigo incluída, as transformacións producidas na sociedade española non foran tan grandes como puidera parecer a primeira vista, especialmente polo feito, xa moitas veces mencionado, de que son os homes os que ocupan a maioría dos espazos públicos, mentres as mulleres quedan relegadas na meirande parte das ocasións ó ámbito privado. Baste dicir como exemplo que, neste ano 98 no que a antropóloga escandinava presenta o seu libro, sete anos despois da aparición da maioría das Vocalías de Muller, 151.000 mulleres viven en Vigo, e tan só encontramos sete mulleres presidindo Asociacións de Veciños na cidade: Marina Tome, Elena González, María Alonso, Sita Puime, Amparo Martínez, María Xosé López y Patricia Torrado. No Concello, de vinte e sete membros da corporación municipal, soamente sete son mulleres; Maite Fernández, Concelleira de Muller, María Luísa González Outón, Marta Gutiérrez Mediero, Dolores

Villarino, Carmen Avendaño, Ana Gandón, e Corina Porro, actual alcaldesa de Vigo, e a primeira muller que acada unha alcaldía das sete grandes cidades galegas.

As mulleres de principios dos noventa viven nunha sociedade, nuns barrios, nos que os seus dereitos como cidadáns, como persoas, e as declaracións teóricas ó respecto, pódense proclamar os catro ventos sen problemas. A sociedade, toda a sociedade, está en plena transformación, os cidadáns teñen cada vez máis unha maior conciencia dos beneficios que lles supón o feito de vivir nunha sociedade aberta, democrática e complexa, pero no caso das mulleres, o pasar da teoría á práctica, como xa vimos, no é tan doado.

A penas fai uns cantos anos que as mulleres obtiveran o control legal dos seus propios patrimonios, case que das súas propias vidas, e son moitas as limitacións que naquel intre aínda están presentes ata no máis cotián. As responsabilidades da vida doméstica, das casas, dos fillos, recaen de maneira exclusiva sobre as mulleres, a maternidade limita enormemente as súas posibilidades laborais por non estar aínda debidamente considerada. A suma de todos estes factores impide o correcto e igual desenvolvemento, mais aló das catro paredes do seu fogar, en case que tódolos ámbitos da vida para as mulleres. Ámbitos que quedan perfectamente resumidos en cinco preguntas feitas por Asociacións de Mulleres, Departamentos de Muller de Sindicatos, e pola Vocalía da Muller da Federación Veciñal:

"¿Como poder decidir libremente sobre nos mesmas se nen sequera podemos optar, en moitos casos, a ter un traballo digno?"

¿Como podemos gobernarnos se cando temos un traballo asalariado temos que seguir facendo a dobre xornada do traballo domestico?

¿Como podemos decidir sobre a nosa saúde sexual e reproductiva se non se nos garanten os dereitos mínimos sobre ela desde as institucións publicas?

¿Como podemos exercer libremente a maternidade cando nin sequera se poden compatibilizar os horarios de traballo cos dos colexios ou das garderías, que non existen en numero suficiente para poder acceder a elas?

¿Como podemos decidir o noso proxecto de vida se desde que nacemos se nos adxudica un papel predeterminado en función do noso sexo?"

Nas primeiras paxinas deste estudio falabamos da viaxe no que no ano 91, Begoña González e Iraida Montejo fixeron a Tenerife, ó Segundo Encontro de Mulleres Veciñais e das dúas conclusións extraídas do devandito encontro; creación das Vocalías da Muller alí onde fora posible, e tentar que as mulleres asumiran postos nas xuntas directivas das Asociacións as que pertencían, postos con poder de decisión nas organizacións nas que estaban a traballar, como mínimo, en termos de igualdade cos homes.

Si temos en conta que xa a simple chegada das mulleres ás Asociacións a través das Vocalías creou polémicas, receos e conflitos, o seu acceso as directivas das propias Asociacións non había de contar con menos atrancos, aínda que curiosamente non só de parte dos homes titulares dos cargos nas Asociacións, senón tamén por parte de moitas mulleres que adoptaban en moitos casos unha actitude de rexeitamento ante a posibilidade de exercer labores de

dirección ou de representación no seu barrio, unha actitude motivada por diferentes cuestións si atendemos as opinións das propias protagonistas.

"Si las mujeres participan en la asociación de vecinos, por lo menos en parte no lo ven como una actividad política, por lo tanto de hombres, sino como otra cosa que por lo tanto puede ser de ellas también. En el momento que se eligen representantes para ir a otros contextos, por ejemplo la Federación Vecinal de la zona, ya se considera una actividad algo mas política, algo mas publica".

"A muller non se autovalora moito; un home pode aceptar ser presidente veciñal sen coñecer o tema, pero unha muller nunca se ve preparada".

Estas palabras pertencen a Britt-Marie Thuren e a Rosa Fontaiña respectivamente, e reflicten moi ben ese estado de cousas que perdurou no seo das Asociacións de Veciños durante un longo período de tempo; o afastamento das mulleres do eido "político" do traballo veciñal, do lado mais publico do labor da Asociación, o que Begoña González, de Sárdoma, define como "politiqueo".

As dificultades na obtención deste segundo e imprescindible obxectivo das políticas das Vocalías, levar as mulleres os órganos directivos das Asociacións, teñen para Consuelo Alonso e as súas compañeiras da Vocalía da Muller de San Paio de Navia unha explicación clara. Elas recoñecen que traballan moito e son conscientes de que ese traballo, o traballo das mulleres, é, na meirande parte dos casos, a columna vertebral que mantén en pe moitas Asociacións Veciñais, pero sen embargo, din elas que "por

comodidade", prefiren non exercer tarefas de dirección ou representación na directiva.

Esta afirmación pode resultar enganosa porque tratase dunha comodidade que mais aló do que puidera parecer sen mais aclaracións, non nace da falla de interese polo traballo veciñal, mais ben ó contrario, é unha comodidade que ten a súa orixe por unha banda, na idea da perda de tempo que ese traballo supón, e por outra da tarefa solitaria e acaparadora de gran parte do seu tempo que aínda para moitas, para a maioría das mulleres, segue a ser o traballo do fogar.

"Tódalas actividades públicas están enfocadas ós homes". Para Iraida o peso das tarefas do fogar e definitivo, en moitos casos un obstáculo enorme para o acceso da muller á vida pública, as funcións representativas, a todos aqueles postos que requiren uns horarios mais complexos e enfrontados, en moitos casos, coas tarefas do fogar cas mulleres continúan soportando en solitario. Algo que no lle sucede ós homes. *"Ou tes unha axuda da familia ou da parella coa que estas ou tes que enfrontarte a cincuenta mil cousas"*

Nas reunións iniciais que as Vocalías da Muller tiñan entre elas nos primeiros anos da década dos noventa, ademais de que cada unha delas expuxera o resultado das súas actividades e fixera unha valoración das mesmas, formulábanse propostas de futuro, obxectivos por acadar, problemas os que dar solución. Un destes problemas era, por suposto, como afrontar as consecuencias que no círculos mais próximos destas mulleres xurdían ó dedicaren elas parte do seu tempo a unha actividade que non era a súa familia, o seu home, os seus fillos. Xa entonces, fai doce anos, falaba

Iraida coma agora. Ela era entón a primeira representante da Vocalía da Muller da Federación, e reclamaba, naquelas xuntanzas, igualdade, o dereito a ter igualdade, a desenvolver unha vida na Asociación en completa equidade cos homes, aínda que eran ben conscientes dos problemas que isto podía causarlles. Falaban tamén dos esforzos que mellora-la situación das mulleres suporía e de como todo sería moito mais doado de contar coa colaboración necesaria nas súas respectivas casas. Chegar a casa tarde, dar explicacións, aguantar os comentarios dos veciños, das nais, das sogras, comentarios sobre si os fillos e mailo home estaban mal atendidos mentres elas estaban horas e horas falando, non se sabía ben de que, nun lugar, a Asociación, que non lles pertencía.

A realidade é outra hoxe. Nas directivas hai mulleres, nas presidencias, nas vicepresidencias, o posto de mais responsabilidade do movemento veciñal, a presidencia da Federación Eduardo Chao está ocupado por unha muller, as cifras de analfabetismo xa non son as mesmas, a realidade é outra hoxe..... pero, ata que punto isto é certo?. *"Seguimos a ter o mesmo problema, pero non só nas Asociacións de Veciños, nos sindicatos, por exemplo, pasa o mesmo, e o problema está sobre todo na casa"*. Isto é que pensa, Dolores Casariego, que ten claro que a evolución non foi tanta como sería desexable neste aspecto en todos estes anos e que moitas mulleres seguen sen dispoñer da colaboración, e consecuentemente das horas necesarias, para levar a cabo tarefas de representación na vida pública. Loli fala tamén da parte positiva. A existencia das Vocalías da Muller nas Asociacións Veciñais serviu de algún xeito como

motor de evolucións sociais, xa que foron moitos os casos de familias nos que redistribuíronse o peso das tarefas do fogar, do coidado dos fillos, ó ver os homes que as súas parellas decidiran desenvolver unha serie de actividades na asociación veciñal e polo tanto dedicaban a iso parte do seu tempo.

A que fora Concelleira da Muller do Concello de Vigo durante o goberno municipal do Partido Popular, Maite Fernández, facía unhas declaracións no acto de apertura das Cuartas Xornadas de Mulleres Veciñais en Decembro do ano 96, nas que describía claramente esta situación que aínda hoxe mantense vixente: *"Nos sindicatos hai moitas mulleres a traballar pero os secretarios comarcais son homes. No movemento veciñal a mesma historia, elas móvense, traballan e non paran, pero o presidente e un home"*. Nas mesmas datas, Rosa Fontaiña declaraba; *"Son as mulleres as que veñen a Federación a traballar, somos maioría nas vocalías dos barrios e as mais inquedas pero o presidente e un home"*. Rosa Vila, de Castrelos refírese ó mesmo: *"As mulleres teñen medo a asumir esa responsabilidade porque non se valoran"*. E lembra a idea estendida entre moitas mulleres de que as súas opinións non contaban demasiado ou que non lle interesarían a ninguén, e a propia Rosa Vila comprobou en algunha das súas primeiras intervencións nas xuntanzas da Asociación de Castrelos cal era a orixe desas ideas, cando os homes presentes na directiva, maioría entón, non lle prestaban demasiada atención.

Xa vimos tamén como no estudio sobre o movemento veciñal en España da antropóloga de orixe sueca, Britt-Marie Thurén, "¿Mujeres en la casa, hombres a la calle?", recollíase a tendencia dos homes a ocupar o ámbito público e a relegar as mulleres o privado, ó calado, a un traballo xordo, moitas veces non valorado, e que no momento da súa exposición pública, da súa posta en escena ou da súa aproximación o entorno político, a relación coas autoridades correspondentes, é monopolizado por homes.

Hoxe, a presidenta da Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao e unha muller, Elena González, pero fai dez anos, no mes de Febreiro do ano 93, a prensa local falaba como de algo moi pouco frecuente, da noticia de que nas eleccións a directiva da Asociación de Veciños "Camiño Vello" de Coia, esta mesma muller, Elena González Sánchez, resultaba elixida Presidenta da Asociación cunha directiva na que unha boa parte dos cargos están xa ocupados por mulleres.

A conclusión que podemos sacar do sucedido nesta década de intento de acceso das mulleres os postos directivos do movemento veciñal pode moi ben ser a mesma que Britt-Marie Thurén escribía fai agora seis anos, e na que referíase o feito de que as mulleres dos movementos veciñais creen que os homes das Asociacións contan con elas para traballar pero esta confianza non se traduce en que sexan logo mulleres as que ocupen os postos directivos ou de representación das organizacións veciñais.

A resposta a pregunta que antes nos fixemos é pois que en Vigo, tres décadas despois do nacemento do asociacionismo veciñal, as cousas cambiaron e hoxe xa son moitas mais as

mulleres que desenvolven o seu traballo en postos de responsabilidade. As cousas cambiaron, pero tal e coma di Iraida, ou coma nos recordaba Loli Casariego, as cousas non teñen cambiado tanto coma nos quixeramos.

As mulleres que nestes quince últimos anos ocuparon postos de responsabilidade na vida pública, nas Asociacións Veciñais, nos sindicatos, nos partidos políticos e noutras organizacións, e as que o están a facer na actualidade, todas aquelas que de moitos xeitos conseguiron superar todos estes atrancos, conforman unha primeira xeración, un grupo aínda reducido de mulleres que serve de exemplo e mostra o camiño a seguir a tódalas que viran nos próximos anos.

INTEGRACIÓN

"As mulleres do noso barrio están totalmente integradas na nosa asociación, e en gran parte, pódese dicir que é gracias o labor que desempeña esta vocalía. Gracias o labor de vocalías como a nosa, pódese afirmar que estes cursos son unha forma de que as mulleres saian da casa, se relacionen entre elas dunha forma distendida e en confianza, e dicir, que teñan un tempo para elas" (Sergia Davila Prado, Responsable da Vocalía da Muller da Asociación de Veciños "O Freixo" de Valadares)

As Asociacións Veciñais, en palabras de novo de Britt-Marie Thurén, axudan a borra-lo limite entre o público e o privado, entre o feminino e o masculino e "facilita o

crecemento dunha cultura mixta e a presenza feminina permite un deseño de vida colectiva no que están cada vez máis presentes as necesidades deste grupo social".

O certo é que o noventa por cen das mulleres que traballan hoxe no movemento veciñal chegaron a el por medio das Vocalías de Muller, o que din bastante do que a creación destes "espacios para as mulleres" dentro das Asociacións de Veciños significou para a normalización da presenza das mulleres na vida pública.

Este proceso de normalización rematará algún día cando a realidade obxectiva desta vida pública sexa igual, e todos e cada uno dos seus termos, para homes e para mulleres. O éxito será completo entón, e aínda o sería máis si o mesmo tempo lográramos corrixir algún outro comportamento que atinxe a vida das Asociacións Veciñais, da vida da sociedade civil, da participación cidadán, e no que desgraciadamente si que existe igualdade entre mulleres e homes. As palabras de Maruchi Fernández o resumen con claridade; *"Somos cómodos, e criticamos a xente que esta traballando na asociación, pero sen embargo a hora de botar unha man, non facemos nada"*.

Dolores Guisande e a compañeira de María Rodríguez na Vocalía de Muller da Asociación de Veciños de Teis. A día de hoxe, ámbalas dúas son as únicas compoñentes da Vocalía de Teis. Despois de dous anos de traballo no movemento veciñal, Dolores confesa abertamente que antes de chegar a Vocalía, antes de ter coñecemento de primeira man do que era o traballo a prol da súa veciñanza, mantiña unha postura moi crítica respecto o labor da Asociación, ó seu funcionamento interno, a súa teórica "incapacidade" para acadar

obxectivos, para facer realidade as peticións dos veciños, para cubri-las súas necesidades. A súa dedicación actual á Vocalía da Muller fai que, hoxe, Dolores non se limite soamente a esa tarefa senón que tamén participe activamente no resto de funcións da Asociación Veciñal, e que por todo iso, sexa plenamente consciente de que a traballo dende as vocalías, dende as asociacións en xeral, é extremadamente difícil, porque difícil e obter compromisos reais dos responsables políticos, difícil e manexarse en complexos mundos administrativos e difícil é, por suposto, ter en conta todas e cada unha das posturas dos seus veciños.

Na Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello podemos encontrar outro exemplo de integración das mulleres na vida Veciñal do seu barrio, e non so iso, Casco Vello é tamén unha mostra dunha vida veciñal que se estende no tempo incluso con anterioridade a época da fundación das primeiras asociacións, e que xa naquel intre tiña as políticas de muller como un elemento importante da súa actividade, e aínda que sen constituír unha Vocalía de Muller de xeito expreso, tratábase de un incipiente e valioso movemento de mulleres, con mulleres e para mulleres.

Nos comezos da década dos setenta un grupo de estudantes sentaron as bases dun movemento asociativo asembleario nunha das zoas mais empobrecidas e marxinais do Casco Vello de Vigo, a zoa próxima o antigo Castelo de San Sebastián, hoxe Concello de Vigo, mais concretamente a rúa Ferrería e as demais rúas adxacentes, as zoas de prostitución con maior actividade.

Esta incipiente vida asociativa era artillada, ó menos no seus inicios, unicamente por varóns. Os programas de

actuación postos en marcha estaban dedicados os homes, e ademais, a causa da elevada conflictividade que presentaba unha zoa de prostitución como esa, provocaba que as mozas foran excluídas de esta vida veciñal. Para contrarrestar dalgún modo este feito programáronse actividades socio educativas que xustificaran a saída das mozas das súas casas para acudir as xuntanzas do grupo. Para iso puxéronse en marcha talleres de costura e patronaxe semindustrial, e cursos de alfabetización e formación sexual.

Estes foron os primeiros pasos do que xa case nos anos oitenta sería finalmente a Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello - Vigo Centro. Na posta en marcha desta Asociación estaban tan presentes as mulleres do barrio que nos propios estatutos da asociación de veciños recóllense explicitamente no artigo 3 o dereito a igualdade entre homes e mulleres, a defensa dos dereitos das mulleres dentro e fora da asociación, a denuncia dos malos tratos, a defensa dos dereitos das prostitutas, a defensa da declaración internacional sobre a eliminación da discriminación da muller de 1967 ou do convenio para a represión de trata de persoas e de explotación da prostitución allea de 1951. En resumo moitos dos principios presentes na fundación e na actividade principal das Vocalías da Muller. No ano 93 púxose definitivamente en marcha a Vocalía da Muller do Casco Vello, e Felicidad Pérez Pazó foi a súa primeira responsable, mais tarde substituída por Fátima Suárez e Elisa Agra, sucesivamente, ata chegar a que é a actual vocal da Federación Veciñal "Eduardo Chao", Mercedes Penabella Romero.

Os exemplos son moitos, e en cada Vocalía encontraremos un cento deles, casos e casos de mulleres que tiveron a oportunidade de formar parte da vida do seu barrio dun xeito distinto, dun xeito que asemade servía para cambia-las súas propias vidas. Como Dita, de Sárdoma, que os seus setenta e cinco anos atopou nos cursos de alfabetización da Vocalía da Muller do seu barrio, a oportunidade de acceder a unha formación básica e que a ela serviulle para escribir "Memorias de Dita", un libro no que recollía refráns e falaba do traballo que facían na Vocalía onde acudía coas demais mulleres da parroquia.

As Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais son un punto de encontro, feito para *"favorecer a integración das mulleres na vida social da parroquia, ademais de eleva-lo seu nivel cultural mediante o fomento das relacións das mulleres entre si"* coma din María Xosefa Paz, responsable da Vocalía da Asociación "A Nosa Terra" de Alcabre. Unha integración que dende "O Freixo" pensan que está normalizada no seu barrio despois de anos de traballo e de sacar das súas casas a centos de mulleres para que acudiran ó local da Asociación, como na Asociación de Matamá, ou a de Candean, a de Bouzas, a do Cristo da Victoria, a de Saians.....

O NOSO TEMPO

"A *Vocalía integra as mulleres en actividades que nin elas mesmas eran conscientes de que as podían realizar, tamén as forma e asesora socialmente*". (Elvira Vila Veiro e Ana Otero. Responsables da Vocalía da Muller da Asociación de Veciños de San Miguel de Oia)

"*Non se conseguiu esta integración tanto como se desexaba. Sen embargo a que empezou cun curso de manualidade hoxe fai cousas que antes non facía e saltou a clases de autoestima ou ximnasia tendo que loitar contra a idea de que non ía a aportar nada á casa participando nestas actividades ó contrario do que obtería si ía a corte e confección. Sen embargo, a porcentaxe de mulleres que non teñen que xustificar esa saída da casa e moi baixo, por iso os cursos seguen a sendo necesario*". Estamos no ano 98 e a que fala e Rosa Fontaiña Pazos, responsable da Vocalía de muller da Federación de Veciños Eduardo Chao y vicepresidenta da asociación de veciños de Lavadores.

Falar das Vocalías da Muller e falar ,entre outras moitas cousas, de centos e miles mulleres acudindo e participando en decenas de cursos, e actividades de formación e ocio organizadas, ben polas súas respectivas Asociacións de Veciños, ben pola propia Federación Eduardo Chao. Todo un movemento de persoas que ata aquel intre, ata a aparición das Vocalías mantivéranse afastadas da vida social das súas parroquias e por suposto de case que calquera actividade de carácter colectivo compartida con

outras mulleres, e dicir, da confrontación da súa realidade vital coa de persoas, de mulleres, que vivían a carón seu case que coma perfectas descoñecidas.

Hoxe contemplamos estas actividades de xeito natural e resultaría farto complicado imaxinar as vidas das Vocalías da Muller das Asociacións sen os cursos que fixeron delas o que hoxe son, pero volvendo a vista atrás e tendo presentes as circunstancias sociais e culturais de fai algo mais dunha década, atopamos que naqueles primeiros anos a historia dos cursos estaba feita a base de moitos sacrificios persoais por saca-lo tempo necesario para ir as clases; de conflitos familiares ou de parella polas reaccións contrarias que a aparición dun novo elemento como os cursos tiña nas vidas dos barrios; de xigantescos esforzos das mulleres que os artillaron, que buscaron os recursos precisos para que os cursos comezaran, e finalizaran, que en moitas ocasións foron pouco menos que porta a porta de cada casa da súa veciñanza convencendo as mulleres para que venceran o medo, o receo, a vergoña, ou simplemente a pereza, e acudiran a Asociación a darlle vida a unha realidade nova e que necesitaba de todo o mundo, de tódalas mulleres posibles, para que fora unha realidade que non quedara en algo efémero e traspasara a fronteira dun ano ou dous de existencia.

Os cursos foron a primeira das "armas" empregada sobre todo dende o Concello para levar adiante a política de "sacar as mulleres da casa". Evidentemente, antes da aparición en escena de Ana Gandón e de que dende a Concellería da Muller comezaran a oferta de actividades, algunhas Asociacións Veciñais tiñan xa funcionando algúns cursos dentro das súas propias programacións, e ata en algún

caso, como Lavadores, A Salgueira ou Casco Vello, algúns deles dedicados as mulleres. Nembargantes, a aparición da oferta do Concello cambiou moito as cousas e deu inicio a unha dinámica que ó menos ata agora non tivo interrupción. O caso foi que a propia oferta das actividades municipais serviu como "detonador" para que moitas Asociacións, diante da posibilidade de acceder as subvencións que acompañaban as novas cursos de formación, fomentaran a creación da súa Vocalía de Muller como requisito indispensable para acadar os devanditos fondos. E coma o pez que mordese a cola, unha vez postos en marcha, os cursos convertéronse na forza motriz das Vocalías e por ende no das propias Asociacións, de tal xeito que o descorrer do movemento veciñal durante estes últimos doce anos tería sido outro ben distinto, e sen dubida moito menos brillante, sen eles. As palabras de Dolores Casariego ou Iraida Montejo describen esta circunstancia con claridade, *"A chegada das mulleres supuxo a dinamización das asociacións, unha dinamización increíble"*. *"Hoxe a maioría das Asociacións seguen coa porta aberta porque existe unha Vocalía da muller. Si non estivesen as mulleres no movemento veciñal, si non existisen as Vocalías da Muller, as asociacións veciñais poderían cerra-la porta"*.

E así foi. Cóntanse por milleiros o numero de mulleres que teñen asistido ós cursos das Vocalías, mulleres que en moitos casos cruzaron por vez primeira a porta da súa Asociación Veciñal coa idea de aprender algo novo e entraron así non soamente no local, senón tamén na vida do movemento veciñal; ou que, de novo empregando as palabras da primeira Vocal da Muller da Federación Veciñal, Iraida Montejo, *"Moitas mulleres que participaron neste cursos, pensaron de*

novo en estudar, partindo dende cero, acudindo a cursos de alfabetización, outras conseguindo o graduado escolar e algunhas niveis superiores como bacharelato ou cursos de formación profesional....."

Tentar de facer un percorrido mais ou menos representativo da tipoloxía dos cursos das Vocalías da Muller e unha tarefa realmente complicada, porque despois de doce anos, as disciplinas que estas actividades de formación teñen cuberto é enorme e dende cada unha das Vocalías de cada unha das Asociación Veciñais poderían presentar unha larga lista na que sempre habería algún curso realmente sorprendente. Aerobic, "palillos", cestería, cociña, tapicería, bailes de salón, informática, macramé, maquillaxe, punto de cruz, pintura o óleo ou en tela, sendeirismo, ximnasia e ata tai-chi, ou jazz!.

Esta non é, nin moito menos, unha lista pechada, a ela podemos engadir cursos de masaxe, cociña natural, autoestima, axilización da mente, porcelana rusa, cadros tridimensionais, baile rexional, internet, técnicas de estudio para nenos, inglés ou sevillanas. E así poderíamos seguir enchendo paxinas e paxinas durante un bo rato. Sen embargo, unha simple enumeración coma esta pode axudar a comprender, aínda que sexa de modo aproximado, o que supuxo, e aínda supón, para moitas mulleres o acceso a todas estas disciplinas e actividades, no local da súa propia asociación e a uns prezos moi baixos, cando non de xeito gratuíto.

Para Ana Gandón, os cursos do Programa O Noso Tempo teñen uns fines claros, "...propiciar a implicación das mulleres no movemento veciñal, crear un espacio de

intercambio entre as participantes e facilitar o emprego e o autoemprego a través da formación". Non son moi distintas as palabras doutras das mulleres que ocupou o cargo de Concelleira da Muller do Concello, María Xosé Porteiro, que desempeñou este labor na efémera corporación saída das urnas nas eleccións municipais do 2003 e presidida por Ventura Pérez Mariño, e sobre todo, como xa vimos nas primeiras páxinas deste informe, o fixo tamén no ano 1988, cando dende o Concello, traballou para crear as primeiras Vocalías da Muller e algúns dos primeiros programas destinados a fomentar a incorporación da muller a vida pública. "Un dos obxectivos deste programa é impulsar a participación social das mulleres do movemento veciñal e cultural de Vigo e o fomento dun tempo e dun espacio propio para as mulleres, no que se sintan participes dun grupo e poidan gozar dun tempo de lecer". Estes fins quedaron plasmados dende o principio en dúas vías paralelas dentro do programa O Noso Tempo, con dúas direccións claramente diferenciadas; actividades de ocio por unha banda, e cursos de formación pola outra.

Estas actividades non estiveron dende o principio da vida das Vocalías tan estruturadas como hoxe as coñecemos. Dende o seu lanzamento por parte da Concellería da Muller e como xa vimos, o seu papel como motor de arranque das Vocalías, ata o no 96, os cursos eran parte dun programa que respondía unicamente a iniciativa e a intervención do Concello. Nese mesmo tempo, e de xeito simultáneo, nas Asociacións Veciñais, dentro das súas propias programacións, levábanse a cabo cursos e actividades sufragados polas asistentes e pola correspondente Asociación tal e como segue a suceder hoxe.

No ano 96, a Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao firma o primeiro Convenio "O Noso Tempo" coa Concellería da Muller para a organización de cursos nas distintas Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais. Para as Vocalías da Muller, a firma deste primeiro Convenio foi un importante recoñecemento da súa capacidade organizativa por parte das institucións públicas despois de catro anos de traballo, ademais do gran logro que supuxo o ter a seguridade de poder desenvolver os cursos en tódolos barrios da cidade de xeito continuado, tendo en conta que a inicial planificación das actividades do ano 92 fora feita pensando soamente nunha duración de un ou dous anos.

"O Noso Tempo" ven pois cumprindo dende fai oito anos os seus obxectivos, os propios dos programas de formación e a coordinación das Vocalías da Muller e as Asociacións Veciñais, no intento de poñer a disposición das mulleres de Vigo o coñecemento dos servicios ó seu alcance, a súa apertura á participación en actividades formativas e culturais, e polo tanto a súa definitiva incorporación a tódolos ámbitos da vida social, e faino cunha cada vez mellor programación formativa deseñada a base de calidade e variedade desa formación, seguida e coordinada dende a Vocalía da Muller da Federación Veciñal.

Concello, Federación "Eduardo Chao", Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais, monitores, responsables da avaliación e sobre todo, alumnas, son as principais protagonistas dun programa que se desenvolve nun ámbito xeográfico próximo ós domicilios das participantes o que facilita "a súa inserción social e o coñecemento e

interacción coas outras mulleres da zona e que supón moitas veces un primeiro contacto coas Asociacións de Veciños, polo que vai supor a longo prazo un gran aumento na súa calidade de vida".

DIÑEIRO E ADMINISTRACIÓN

"A asociación mantense aberta gracias os traballos que realizan as mulleres, pois os homes non teñen capacidade de aguante para soportar tanta presión dos veciños cando dan queixas xustas, e dende as Administración non nos fan o caso que merecemos". (Inocencia Puime Domínguez, responsable da Vocalía da Muller da Asociación de Veciños "O Carballo" de Sárdoma)

As actividades formativas das Vocalías da Muller das asociacións non se esgotan nos programas de "O Noso Tempo". Dende tódalas Asociacións, as Vocalías da Muller levan anos, como vimos anteriormente, organizando cursos por iniciativa propia como complemento os ofertados polo propio Concello de Vigo. En calquera caso, manter un equilibrio entre unha oferta formativa e de ocio a un prezo accesible para tódalas veciñas, e unha saneada situación económica das Vocalías e en moitas casos das súas respectivas Asociacións, é un dos maiores problema co que as mulleres das Vocalías atópanse dende a súa posta en marcha, ala polo ano 92.

Moitas das persoas que un bo día deciden participar no movemento veciñal e que asumen as tarefas de dirección ou representación dos intereses do seu barrio, teñen que enfrontar os problemas, e en moitos casos as frustracións, derivadas do trato coas administracións públicas e cos responsables políticos correspondentes; e as mulleres que traballan nas Vocalías da Muller non son unha excepción nestes casos. Os atrancos para acceder os cursos que desexan, para loitar contra os "monstros burocráticos", o papelorio e as formalidades administrativas, ou para acadar os fondos necesarios para o seu funcionamento, son a peor cara do traballo veciñal, tal e como explica Loli Casariego, a que fora Vocal da Muller na Federación; *"A frustración que supón que despois de todo o traballo administrativo, memorias, etc., que son necesarios para solicita-las subvencións, o diñeiro ou as axudas tarden meses e meses, creando un período baleiro de tempo grande dende o momento no que o solicitas e o momento no que cobras"*.

Consuelo Costas, María Rosa Alonso, María Felicidad Fernández, María del Carmen Monroy, Milagros González, Pilar Nesta, Pili Comesaña, Rosa Costa, Pilar Hermida, Rosa Gestoso, Encarna Fernández..... Esta e a aliñación titular da Vocalía da Muller da Asociación de Veciños "Andrés Crespo" de San Paio de Navia. Aínda que xa foron mais, chegaron as dezaseis, estas once mulleres levan case que dende a fundación da Vocalía en Navia traballando na Asociación. Tanto no seu elevado número, como noutros aspectos, é un dos barrios mais pequenos de Vigo, Navia confirma o feito de que cada unhas das Asociacións de

Veciños conforma un mundo diferente, complexo e único, e que xunto a problemas comúns a todos estes "mundos", as súas correspondentes realidades son as veces moi distintas. No libro sobre o movemento veciñal vigués, titulado Redes Sociais e Conxuntos de Acción, Xan Bouzada e Anxo Lorenzo describen esta complexidade do seguinte xeito: *"Un dos aspectos estruturais que caracteriza o movemento veciñal vigués e a súa diversidade de tipoloxías, polas cales a situación sincrónica que se atopa e a dunha falta de homoxeneidade na capacidade de acción, nos obxectivos de traballo e na capacidade de incidencia social entre tódalas entidades radicadas no concello vigués"*

A Vocalía da Muller de San Paio de Navia no foi das primeiras en xurdir, anda agora polos dez anos de vida recen cumpridos. En certa medida animadas pola directiva ó mando naquel momento, Consuelo Costas, "Chelo", que aparece como representante da Vocalía, aínda que no caso de Navia isto sexa case que anecdótico, xunto con outra compañeira, Carmita, comezaron a andaina da Vocalía da Muller San Paio de Navia.

As mulleres da Vocalía de Navia coñécense fai tempo así que todas traballan por igual nas actividades que organizan, repartindo as tarefas en función das posibilidades de tempo de cada unha de elas; alternanse tamén para acudir as reunións coas demais Vocalías e a Vocalía da Federación na sede desta, normalmente un día ó mes. Nembargantes, e malia todas estas aparente facilidade, recoñecen as dificultades do seu traballo. Algunhas destas dificultades repítense en outros moitos barrios. A burocracia, loitar contra o devandito monstro administrativo, ou simplemente acadar a

atención dos representantes políticos mais aló dos períodos electorais para que ó menos escoiten as necesidades dos veciños, e a peor parte para as mulleres de Navia. O tempo que transcorre dende o intre en que elas solicitan unha subvención ata que reciben o diñeiro constitúe moitas veces un atranco dificilmente salvable. Moi a miúdo o importe da subvención é tan pequeno que se lles fai imposible poñer en marcha ningún tipo de curso ou actividade, e en moitas outras tampouco é fácil obter os cursos que lles interesan realmente as mulleres do barrio.

En Navia, cumprí-lo primeiro obxectivo co que as vocalías de muller naceran, "sacar as mulleres de casa", no foi doado, e dende a Vocalía afirman que a pesar de tódolos cambios sociais producidos, aínda non o é. Nalgúns casos teñen problemas para encher os cursos que organizan. E noutros, a súa intención sería artellar novas actividades, innovar, abrir novos camiños nas funcións da Vocalía, pero saben que corren o risco de non contar con a aceptación suficiente da veciñanza ou co apoio político e administrativo necesario. *"En San Paio seguimos a ser un pobo, e estamos acostumadas a traballar, entón necesitamos cando saímos da casa para facer algunha actividade, facer algo, elaborar algo"*.

Por iso estas once mulleres non dubidan o afirmar que obxectivo foi soamente cumprido en parte e que aínda queda moito por facer no futuro, e que para iso fai falla tempo, vontade e diñeiro.

"Fai falla diñeiro", din tamén Dolores Casariego, *"pero tamén facía falla diñeiro ó principio y saímos adiante",* engade de seguida.

O diñeiro é sempre un problema, especialmente cando non o tes. E se algo queda claro a pouco que busquemos na historia das Vocalías da Muller é, que o diñeiro, como en moitas outras actuacións postas en marcha a prol da muller, non abundaba, e por suposto segue sen abundar.

Anteriormente fixemos mención as catrocentas mil pesetas que a Concellería da Muller do Concello de Vigo tiña dispoñibles para subvencionar a creación das Vocalías nos primeiros meses do ano 92. Os xornais recollen as queixas da concelleira Ana Gandón polo reparto de fondos nos orzamentos municipais e as partidas adxudicadas o departamento de muller, mais concretamente a posibilidade frustrada de habilitar un inmobile para servicios adicionais da Concellería de Muller nese mesmo ano 92 por recortes monetarios.

Na aparición das Vocalías da Muller nos anos 92 e 93 atopamos dúas situacións diferentes no seo das Asociacións Veciñais no que respecta os fondos económicos. Por unha banda están as Vocalías que dende o principio mantiveron a súa independencia económica, e polo tanto os seu fondos non tiñan contacto cos do resto da Asociación, como era, e segue a ser, o caso de San Andrés de Comesaña ou o de San Paio de Navia. E por outra banda, aquelas outras nas que non existían distincións, e Vocalía da Muller e Asociación compartiron orzamentos dende o primeiro día.

Hoxe, din Maruchi, vocal de Comesaña "as mulleres son rendibles" e a súa Vocalía, como é caso de moitas outras, é, ademais do verdadeiro motor da vida veciñal nos seus barrios, a entidade máis saneada da Asociación, o que no seu caso, lles permite ofertar cursos, moitos deles orientados ó mundo laboral, a seis euros mensuais para tódalas mulleres de San Andrés de Comesaña que o desexen. Ou noutros barrios fai posible organizar unha tertulia semanal como a da Vocalía da Muller da Asociación "A Nosa Terra" de Alcabre, ou saídas e excursións como en Navia, ou participar nos Entroidos en nos Maíos, como en Teis, ou unha gran "chocolatada" cada oito de Marzo para celebra-lo día da muller traballadora no Freixo ou un grupo de cantareiras como no Casco Vello.....

Pero non sempre foi así. No caso de Comesaña, nos seus comezos, a Vocalía carece de medios e de recursos económicos, e a asemblea da Asociación de veciños vota en contra de dotala economicamente, de tal xeito que as mulleres de Comesaña non teñen outra saída que partindo dende cero, buscar fondos por medio de subvencións das administracións publicas ou contando coa boa fe de persoas ou institucións que colaboran de unha maneira altruísta nas súas actividades. A busca de fondos, de colaboracións, ou de recursos destinados o mantemento das actividades da Vocalía e algo común a tódalas Asociacións. Recursos moitas veces saídos do propio patrimonio das mulleres da Vocalía en forma de facturas de telefono, transporte publico, desprazamentos ou cousas tan aparentemente triviais como unha lámpada para o sala de reunións da Vocalía, pero que por triviais non deixan de ser menos necesarias e se cadra imprescindibles para o bo funcionamento da vida veciñal

Xa falamos de que algunhas directivas formadas por homes decidiron no seu momento fomenta-la creación da Vocalía da Muller nas súas respectivas Asociacións para acceder así ós fondos que o Concello dedicaba as políticas de muller. En mais dun caso, eses fondos procedentes do Concello eran finalmente manexados polas directivas das Asociacións deixando ó marxe as propias Vocalías; Iraida Montejo lembra os problemas aparecidos en mais dunha ocasión nas que o diñeiro era destinado pola Asociación correspondente para outros fines distintos a aqueles para os que foran librados dende o Concello.

Comesaña exemplifica moi ben a traxectoria das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais de Vigo, dende o seu nacemento cheo de atrancos ata a súa situación actual de verdadeira forza motora do movemento veciñal. Hoxe, a saneada situación da Vocalía da Muller de Comesaña fai que dende a Asociación avoguen agora pola unificación de orzamentos. Maruchi ten claro, na súa condición de representante da Vocalía, pero tamén como vicepresidenta da propia Asociación Veciñal que é, que a unificación orzamentaria non é algo do que deban fuxir e que os fondos dos que dispón a Vocalía están ó servizo da veciñanza si os precisan, pero a única condición que a Vocalía establece para todo isto é que as partidas destinadas dende o Concello para muller vaian a parar indefectiblemente as actividades artilladas a prol da muller. En resumo, o que pensan en Comesaña non e mais que un exemplo do pensamento de tódalas mulleres das Vocalías; que todo aquilo que elas gañaron na defensa dos seus dereitos nestes doce anos, infraestrutura,

recoñecemento, recursos económicos dispoñibles, e todo iso partindo de situacións en moitos casos penosas e sen unha colaboración decidida, cando no de oposición aberta, dos seus compañeiros das Asociacións, non se perda agora, antes de que o labor das Vocalías da Muller remate o día que xa no sexan necesarias.

II- A VOCALÍA DA FEDERACIÓN

"Nos traballamos para que a muller sexa mais independente, teña mais liberdade, poda acceder a un posto de traballo, conte cunha mellor formación. O noso obxectivo fundamental e acadar unha mellor calidade de vida para as mulleres en tódolos ámbitos" (Rosa Fontaiña, representante da Vocalía da Muller da Federación Eduardo Chao)

Iraida Montejo, Rosa Fontaiña, Dolores Casariego, Patricia Torrado e Mercedes Penabella. Os cinco nomes das cinco mulleres da Salgueira, Lavadores, Coia, Doutor Fleming e Casco Vello respectivamente, que durante os últimos doce anos ocuparon o posto de representante da Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao de Vigo. Elas son as responsables de que durante esta, xa case década e media, as mulleres de Vigo tiveran a súa disposición unha infraestrutura feita, coma din Rosa Fontaiña, *"para mellora-las súas vidas"*. Elas, xunto con outras mulleres, coma Begoña González, Rosa Vila, Anabel Rodríguez Otero, Amparo Fernández ou María Vidal, que sobre todo nos primeiros anos levaron a cabo un traballo imprescindible para o nacemento e consolidación das Vocalías da Muller das Asociación Veciñais e da Federación.

Nas primeiras paxinas coñecemos coma foi o proceso da creación da Vocalía da Muller da Federación "Eduardo Chao"; un proceso que forma parte xa da historia do movemento veciñal vigués. A viaxe a Tenerife de Iraida Montejo e

Begoña González, o encontro de mulleres organizado pola CAVE, a política de Ana Gandón, a construción por parte da Federación dunha infraestrutura de traballo.... Un tempo apaixonante de actividade e crecemento, onde as Asociacións de Veciños, moi encerradas en si mesmas ata entón, como lembra Dolores Casariego abren as portas e decídense a afrontar maiores retos. *"Eran uns tempos bos para o movemento veciñal"* .

A Vocalía da Muller da Federación xurde nese contexto *"co obxectivo de coordinar e articular as actuacións das diferentes Vocalías da Muller das asociacións veciñais da cidade"*. E se ben, antes da aparición da Vocalía da Federación, pódense contar cos dedos dunha man as Vocalías da Muller existentes nas Asociacións Veciñais, no ano 93 xa son dezasete as existentes. Dous anos mais tarde, no 95, xa hai vinteseis Vocalías veciñais federadas, e o numero chega ata vintenove no ano 98. Na actualidade, trinta e dúas Vocalías da Muller de Asociacións Veciñais conforman a Vocalía da Federación Eduardo Chao.

Alcabre	María Xosé Paz
Navia	Consuelo Alonso
As Nosas Rúas	María del Carmen Gómez y Ana María Rébollo
Comesaña	María del Carmen Fernández
Valadares	Noli Rodríguez
Oia	Elvira Vila y Ana Otero
Bouzas	Puri Barbosa
Cristo da Victoria	Rosa María Acuña

Val do Fragoso	María del Carmen Espiñeira
Candean	Margarita Vázquez
San Xoán Poulo	Nieves Abraldes
Beade	Elena Alonso
Saians	Tersila Dacosta
Teis	María Rodríguez
Sárdoma	Sita Puime
Casco Vello	Mercedes Penabella
Dr.Fleming	Esther Córralo
Sampaio	Pili Martinez
Zamans	Josefa Martinez
Castrelos	Pilar García
Camiño Vello	María Jose Lemos
Salgueira	Rosa Gómez
Torrecedeira	Rosa Posada
Freixo	Sergia Davila
A Paz	Aurora Rodríguez
Pontenova	- María Jesus Ameijeiras
Freixeiro	
Cabral	Dolores Graña
Coruxo	Rosa María Álvarez
Lavadores	María del Carmen Domínguez
Mátama	María Jesus Costas
Rúas e Fontes	
Fonte do Galo	

"Promover actuacións destinadas a consecución da igualdade de oportunidades entre homes y mulleres.

Formar as mulleres dirixentes das Vocalías da Muller en técnicas de dirección, novas tecnoloxías, xestión de asociacións, etc.

Potenciar a participación da muller na vida veciñal como punto de partida para a integración da muller en igualdade.

Sensibilizar a sociedade de cara a problemática da muller: política social, cultural, laboral, igualdade de oportunidades, malos tratos, coeducación, etc..."

Estes son algúns dos obxectivos prioritarios definidos por elas mesmas. Uns obxectivos que dende a Vocalía da Muller da Federación explican e defenden nos foros e organización nas que participan, ben sexa no ámbito local, como o Consello Municipal da Muller, autonómico, na Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres, ou nacional, como o Consello Confederal de Mulleres Veciñais de España ou a Coordinadora Nacional da Asociacións de Mulleres.

Non hai espacio suficiente nun estudio coma este para facer unha relación extensa dos centos de actividades que a Vocalía da Federación ten levado a cabo ao longo destes anos. As memorias anuais que recollen a súa andaina están cheas de actuacións, de proxectos, de cursos, congresos, exposicións, xornadas, reivindicacións. E cada ano foi a mais, abrangendo mais areas de traballo e influencia sobre todos aqueles aspectos da vida das mulleres nos que puideran, mediante o seu labor, contribuír a mellorar dalgún xeito.

"Desenvolvemento de proxectos europeos de formación para mulleres.

Exposición de traballos feitos polas mulleres nas asociacións veciñais

Posta en marcha, a iniciativa de Mulleres Veciñais de España da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos.

Coordinación do Programa de formación para a muller, "O Noso Tempo",

Creación do Punto Informa."

Velaquí un extracto das actuacións da Vocalía da Federación "Eduardo Chao, un extracto das que a propia Vocalía salienta. E a elas deberíamos engadir cursos de moitos tipos, xornadas das dirixentes de mulleres veciñais, participacións na organización do Día Internacional da Muller Traballadora, firma de convenios con institucións públicas.... En resumo unha intensa actividade nos eidos da creación de infraestructuras, formación, e coordinación das actividades relacionadas coas mulleres de Vigo.

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

"A violencia ten un xénero, o feminino, unha verdade e uns cómplices, a sociedade" (Rosa Fontaiña. Coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais de Vigo contra os malos tratos)

No ano 1998 houbo 18.000 casos denunciados de malos tratos en toda España, e cada dez días morreu unha muller vítima da violencia de xénero, tres delas en Galicia. Nese momento, en Vigo, os colectivos de mulleres maniféstanse e aspiran a ser consideradas como un "problema de Estado" co fin de que tódalas administracións públicas e os responsables políticos correspondentes dediquen, por fin, a atención e as partidas orzamentarias necesarias para erradicar dunha vez por todas da sociedade, dos fogares, dos postos de traballo, das rúas, a violencia exercida contra elas. Hoxe, seis anos despois, o número de días transcorridos entre cada muller morta por causa da violencia de xénero xa non é dez, e menos de cinco, e a tendencia mostrada nos derradeiros anos presenta unha indubidable senda de crecemento.

Nese ano 1998 a Vocalía da Muller da Federación Veciñal "Eduardo Chao" de Vigo, por iniciativa de Mulleres Veciñais de España, pon en marcha unha campaña de concienciación e formación con fin de asesorar e actuar contra os malos tratos e coa intención de crear unha rede de apoio as mulleres maltratadas. Son estes os primeiros pasos dun proceso que teñen como consecuencia a constitución da Rede

de Mulleres Veciñais de Vigo contra os Malos Tratos, á que definen como *"un grupo organizado de mulleres vinculadas ás Asociacións Veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, que aspira a constituíndose nun referente social de denuncia e mobilización contra os malos tratos"*.

Para iso, a Rede nace cunha serie de obxectivos como o aumento da sensibilización social perante os malos tratos, contribuíndo deste xeito a súa denuncia social en tódolos casos, a creación dunha cada vez maior infraestrutura de información e orientación para as vítimas, desenvolver tarefas de prevención nos barrios e nas familias ou promover a manifestación pública contra os malos tratos, sempre coa única finalidade de lograr eliminar a violencia da vida das mulleres.

A Rede forma mediadoras sociais a través de cursos nos que mediante unha formación teórica e práctica adquiren os coñecementos en habilidades sociais, servicios de información da muller ou os xeitos de mediación en casos de malos tratos necesarios para formar parte da Rede como mediadoras activas. A coordinación da Rede parte da Federación Veciñal, e artíllase a través das Vocalías da Muller de tódalas Asociacións Veciñais e de mulleres que traballan no barrio sen estar integradas necesariamente na estrutura das Vocalías. Atención, orientación, acompañamento, e seguimento son os seus principios cometidos. Tal e como explica a que fora Responsable da Vocalía da Federación e Coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais, Rosa Fontaiña, *"a rede de apoio as mulleres maltratadas ten o seu núcleo na Vocalía da Muller da*

Federación, pero para lograr unha maior imbricación coa sociedade, estendese a través dos barrios e asociacións veciñais".

No mes de Decembro do ano 99, un ano despois da súa posta en funcionamento, as primeiras cincuenta mediadoras de malos tratos, reciben as súas credenciais, despois dun longo período de formación que comezaron preto de duascenas persoas, incluídos seis homes, pero que soamente medio centenar, todas mulleres, conseguiu rematar.

Ademais da atención ás vítimas de malos tratos e da formación das mediadoras, a asistencia a xuízos, realización de videoforums, reunións periódicas coas forzas de seguridade do Estado en función do Convenio de Colaboración da Campaña "Se te pega non te quere. Quérete ti, denúnciao", ou concentracións mensuais denunciando os casos de vítimas de malos tratos as que acoden mulleres da Rede, asociacións de mulleres, representantes do Concello de Vigo, representantes do movemento veciñal e das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais e todas aquelas persoas interesadas en denunciar e solidarizarse co problema da violencia de xénero, son algunhas das moitas actividades que a Rede levou a cabo durante os seus anos de traballo dende a Federación Veciñal Eduardo Chao.

A Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ó longo da súa andaina, formou mais de duascenas mediadoras ata o ano 2003, momento no que as mulleres da Rede constitúen a Asociación de Rede de Mulleres Veciñais de Vigo contra os malos tratos, unha asociación independente do movemento veciñal, e polo tanto afastada do ámbito da Federación "Eduardo Chao".

A participación da Vocalía da Muller da Federación Veciñal na construción dunha infraestrutura de apoio e axuda a muller continuou no ano 2000, dous anos despois do nacemento da Rede de Mulleres Veciñais, cando a través dun convenio que a propia Federación "Eduardo Chao" subscribe có Concello de Vigo no marco do "*Primeiro Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres*", crease o primeiro punto de información para mulleres, o "Punto Informa".

O Punto Informa entra en funcionamento a finais do ano 2000, no mes de Decembro, e define as súas funcións como: Atende-las mulleres co demanden aportándolles información xeral de interese, informar das actividades y servicios especializados en muller existentes en Vigo, denuncia-los malos tratos e detección de casos, e realizar labores de acompañamento das mulleres co soliciten a iniciativa propia ou a petición dos servicios públicos para mulleres.

En coordinación coa Rede de Mulleres Veciñais, o Punto Informa atende os casos de mulleres que solicitan información e atención en diferentes ámbitos, formación, traballo, malos tratos, direccións de recursos de muller, orientación....., e o fai a través da recepción persoal das mulleres interesadas ou mediante a atención telefónica, escoita activa, análise da súa situación, axilización dos primeiros trámites e o rexistro dos casos atendidos.

XORNADAS DE MULLERES DO MOVEMENTO VECIÑAL

"No intento de romper o illamento das mulleres na casa, actividades como esta serven para nos encontrar, para ter presenza na cidade e para ganar o dereito da participar na toma de decisións". (Maite Fernández, Concelleira da Muller do Concello de Vigo. Inauguración das cuartas xornadas das Mulleres Veciñais)

As Xornadas de Mulleres do movemento veciñal son xa hoxe unha cita clásica na vida de Vigo. Dende o ano 93 no que tiveron lugar as primeiras ata a actualidade, aproximadamente cada mes de Outubro e no Centro Cultural Caixa Vigo, as xornadas nos deixaron de crecer, de contar cada ano con un maior número de asistentes e de participantes e de incluír nos seus programas moitas das cuestións que afectan á vida das mulleres contemporáneas. Todo isto serve para que estas Xornadas, sexan sen dúbida unha das actividades da Vocalía da Federación que máis valor engadido produce no movemento asociativo feminino de Vigo produce. O papel na vida política e social das mulleres, a autoestima, a sexualidade, a violencia, ou o amor, e sempre có obxectivo da desmitificación dalgunhas das crenzas das mulleres, en moitos casos premidas polos prexuízos sociais e morais, son algúns dos temas que ó longo destas xornadas e dos obradoiros desenvolvidos nelas. téñense tratado.

Da importancia da asistencia do maior número de mulleres posible a estas xornadas fala Rosa Vila, cando fai mención a dificultade que supón convencer a moitas mulleres dos barrios e parroquias de que renunciem, tan só por uns días

os cursos de manualidades ou doutro tipo das súas respectivas Asociacións Veciñais para acudir a cita anual no auditorio de Caixa Vigo, e de como esta inicial "resistencia" volveuse sorpresa e satisfacción ó poder asistir a xuntanzas e obradoiros onde a actividade das mulleres das Asociación vai un paso mais aló do que é a actividade de ocio e formación das Vocalías da Muller das respectivas Asociacións Veciñais. Por iso, o feito de que un gran numero de mulleres asistan a Xornadas, e cada ano mais, e unha sinal do cambio producido dende ó inicio das actividades da Vocalía da Federación "Eduardo Chao".

VIAXE AS ILLAS

Unha vez ó año, déixano todo, homes, fillos, avós...
(Begoña González, Animadora Sociocultural da Federación Veciñal Eduardo Chao)

A vocalía da muller da Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos xa existía cando a Federación Eduardo Chao decidiu crear a súa Vocalía, incluso antes de que Ana Gandón chegara o Concello, xa que foi creada no mes de Xaneiro do ano 1988. "A República Independente de Castrelos ó sur do río Lagares", tal e como Rosa Vila recorda que chamaban o seu barrio, é un dos casos, como por exemplo tamén o é Navia, nos que a idea da creación da Vocalía da Muller partiu dun home, Pucho Bastos, o que naquel intre era presidente da Asociación Veciñal de Castrelos, e partiu a

iniciativa dun xeito positivo, e non como viamos anteriormente coa única intención de acceder os fondos que o Concello destinaba os departamentos de muller das Asociacións Veciñais.

Rosa Vila foi a primeira representante da Vocalía da Muller de Castrelos, xunto con Carmen, Xulia e Marián, e ó fronte desa responsabilidade mantívose durante practicamente dez anos.

A Vocalía de Castrelos funcionou o longo destes anos, en palabras das súas responsables actuais, como un punto de encontro e de referencia para as veciñas do barrio, e foron moitas as mulleres que malia vivir na mesma parroquia durante toda as súas vidas, coñecéronse asistindo as diversas actividades da Asociación. Mulleres, tal e como explica Pilar García Fole, a actual responsable da Vocalía de Castrelos, que tiñan coñecemento unhas doutras por terse visto na igrexa, ou no campo, ou na tenda, pero que nunca tiveran pensado compartir, unhas coas outras, experiencias, problemas, ideas, pensamentos, proxectos, vida.

Sen embargo, e a pesar de que como ela din ironicamente, o seu fillo criouse no local da Asociación Veciñal, as actividades de Rosa Vila Cardoso non se esgotaron na Vocalía da Asociación de Castrelos. Ela participou, como xa vimos ó longo deste texto, xunto con outras mulleres como María, de Valadares, Iraida, da Salgueira, ou Maruchi, de Comesaña, na creación da Vocalía da Muller da Federación Eduardo Chao nos primeiros anos noventa, anos, nos que como ela mesmo afirma, nada estaba feito, e todo semellaba ser "doado" porque partindo de cero os resultados chegaban rápido.

Rosa Vila ten tamén un papel moi destacado na organización doutra das actividades da Vocalía da Muller da Federación Veciñal que ano tras ano foi crescendo ata alcanzar hoxe cifras realmente increíbles, a viaxe as illas Cies. Esta viaxe converteuse nunha das actividades mas rechamantes de todas cantas pon en marcha a Vocalía da Federación, e proba diso e a atención prestada ó evento polos medios de comunicación. Dúas mil duascentas mulleres viaxaron as illas Cies na ultima travesía do ano 2003, e poderían ter sido mais de non ser polas propias restriccións que supón o feito de que as Cies sexan hoxe parte do Parque Natural das Illas Atlánticas. Os barcos de pasaxeiros que habitualmente realizan o traxecto as illas non foron suficientes para as mulleres da Vocalía, así que fixo falla traer dúas embarcacións mais dende A Coruña para levalas a todas.

Cento oitenta mulleres foron as "pioneiras" no primeiro ano de travesía, xa fai dez anos, no 94. Os xornais recolleron a noticia como algo realmente sorprendente, e o seguiron facendo nos anos seguintes mentres o numero de mulleres que acudían a cita non deixaba de crecer. O feito de que varios centenaes de mulleres decidiran, unha vez o ano, pasar un día xuntas nunha illa fronte a costa da cidade, comezou chamando a atención dos medios pola novidade que supuña, polas dimensións que foi adquirindo, pola costume cidadá na que se converteu. Pero unha vez mais, debaixo das cifras e da nova que supón paras os xornais e as televisións ver a varios centos de mulleres subir xuntas a un barco, a viaxe as Cies equivale a un numero igual de historias persoais, de vidas dedicadas os demais, as súas familias, homes, fillos, pais, os seus fogares, que por un

so día o ano, aínda que sexa por un só día, esquecen e deixan a un lado as obrigas e os compromisos da vida cotián para gozar dunha xornada exclusivamente para elas, só para elas.

MANS CREATIVAS

"Esta Vocalía foi a primeira en ofertar as mulleres da nosa parroquia un curso de encaixe galego e unha viaxe cultural a Camariñas para coñece-los secretos do encaixe. A partir deste curso e da viaxe incrementouse o interese das mulleres por algo tradicional da nosa cultura". (María José Paz. Responsable da Vocalía da Muller da Asociación Veciñal "A Nosa Terra" de Alcabre

O informe no que se recolle a actividade da entóns recen constituída Vocalía da Muller da Federación no ano 94 din: Exposición "Recuperémo-las nosas mans". Realizada do 29 de setembro o 2 de Outubro coa participación de 42 Vocalías e Asociacións de Mulleres de toda a cidade. Nesta exposición mostráronse os traballos realizados polas mulleres en mais de 200 cursos. Na súa organización colaboraron 168 mulleres dos barrios, mais 20 das Vocalías da Federación. A exposición contou cunha asistencia de 3281 persoas, sendo o día de mais visitantes o domingo. A valoración que mereceu esta exposición foi dun rotundo éxito por parte de tódalas persoas consultadas".

Dous anos despois, no 96, e baixo o nome de "Temostraballos", a Vocalía da Muller da Federación celebra de novo unha exposición con algúns dos traballos mais representativos realizados polas mulleres nas Vocalías das Asociacións ó longo dos cursos celebrados. No ano 95, mais de dez mil mulleres asistiron ós cursos de formación e ocio celebrados nas devanditas Asociacións Veciñais. Palillos, tapicería, coiro, cerámica, pintura, escultura ou arte floral, foron as principais mostras expostas. Dende ese ano, tódalas primaveras, os cidadáns de Vigo teñen unha cita con esta exposición.

No mes de Maio 2003 celebrouse a X exposición dos traballos realizados por mulleres dentro do programa "O noso tempo". Tivo lugar na Praza da Princesa e contou coa presenza de trinta Vocalías da Muller das diferentes Asociacións Veciñais do municipio e dun total de cento e catro mulleres que viron representado o seu traballo coa presenza nos vintedous talleres finais.

Calquera das persoas que teña asistido a algunha destas exposicións que hoxe coñecemos como "Mans Creativas, e nas que, unha vez o ano, móstranse os traballos das mulleres das Vocalías, sabe que por enriba do seu valor social e festivo, resulta realmente sorprendente a alta calidade da meirande parte dos traballos alí expostos. Ou coma afirman Elvira Vila e Ana Otero, da Vocalía da Muller da Asociación de San Miguel de Oia *"a vocalía integra as mulleres en actividades que nin elas eran conscientes que podían realizar"*. Unha idea que comparte Rosa Fontaiña, *"Os cursos tamén serviron, na parte mais trivial, para sacar á luz, talentos e capacidades das propias mulleres descoñecían ter"*

Son moitas as vertentes dende as que pódense analizar os cursos desenvolvidos nas Vocalías da Muller, tanto os pertencentes o programa "O Noso Tempo" coma ós postos en marcha pola propia Asociación de Veciños. Xa falamos da súa vital importancia nos primeiros días das Vocalías, e do seu definitivo papel a hora de conseguir que miles de mulleres saíran, aínda que fora por un rato a semana, das súas casas co conseguinte labor de integración na vida veciñal que todo isto supuxo, ademais, claro está, do propio labor formativa que dalgún xeito queda reflectida nestas exposicións anuais. A capacidade de convocatoria destes cursos é enorme e a súa importancia indubidable.

Ó mesmo tempo, este éxito convive coa evidente necesidade de que, para adaptar o seu funcionamento o signo dos tempos, as Vocalías da Muller despreguen un labor que dalgún xeito transcenda mais aló do que hoxe supoñen os cursos, pero sen esquecerse deles, sen abandonar unha actividade clave a hora de entender o seu éxito, a súa capacidade de convocatoria e mobilización en cada un dos barrios da cidade. En palabras de Iraida Montejo; *"Sabemos que non podemos quedar só en meros cursos de entretemento, pero tamén temos claro que non podemos deixar de realizalos, xa que hai moitas mulleres que nunca darán un paso mais adiante e pensamos que é importante que saian da casa, aínda que so sexa para pasar un rato de ocio. Cremos que temos que empezar a reivindicar tamén o dereito a saír da casa simplemente por saír, sen necesidade de buscar unha maior preparación ou cultura"*.

Sen dubida, gran parte do futuro éxito das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais dependerá de que saiban

manter un delicado equilibrio entre, por unha banda, novas funcións e servicios que cubran as emerxentes necesidades das mulleres das parroquias do Vigo do século XXI, e por outra, o mantemento das actividades de ocio, que coma "O Noso Tempo" ou "Mans Creativas" son a porta ó social para centos e centos de mulleres, porque coma afirma Maruchi Fernández, *"hai distintos tipos de mulleres e a Vocalía está para formación, está para colaboración, está para axudar tódalas mulleres"*.

De feito, dalgunha maneira, a síntese final desta historia, da historia das Vocalías da Muller, moi ben podería ser calquera das pezas exhibidas en calquera das exposicións de Mans Creativas, un pano de encaixe, unha manualidade rusa, un tridimensional, pinturas, unha peza de barro... Todas elas foron necesarias nun principio cando era preciso levar algo o fogar para xustificar as horas botadas fora da casa, lonxe das tarefas que "deixara desatendidas" para comezar unha aventura, a das Vocalías da Muller. Como explica Rosa Fontaiña, *"Ó principio era imprescindible levar algo a casa como xustificación de a que tiñan dedícao o seu tempo"*.

Mais aló da súa perfección técnica, da complexidade da súa elaboración ou da súa propia funcionalidade ou beleza, cada unha destas obras de arte simboliza un esforzo e unha loita moito mais grande que o que a súa simple elaboración supón.

III. MEMORIA DO PORVIR

"Existe un grave problema no movemento veciñal, en todo o movemento veciñal, non soamente nas Vocalías da Muller, non está ofrecendo o que a xente quere. O movemento veciñal non soubo evolucionar co resto da sociedade". (Iraida Montejo. Primeira Responsable da Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao)

"Un feito común a tódalas entidades analizadas e que a configuración das directivas presenta un mesmo problema: individuos que levan moitos anos no labor xestor veciñal e falta de capacidade para implicar xente nova que permita pensar nun relevo xeracional. Por outro lado, un elemento relacionado co anterior e que necesita ser interpretado axeitadamente é a existencia dun numero de persoas elixidas nunha directiva que non se tende a corresponder cos individuos que participan activamente no labor xestor cotián".

Este texto podería moi ben ser escrito hoxe mesmo, pero sen embargo tratase dun fragmento que pertence a un estudio sobre o movemento asociativo veciñal vigués publicado no ano 1996. Oito anos mais tarde, preguntadas ao respecto de todas estas cuestións, as mulleres das Vocalías mostran a súa preocupación por un futuro que ven como algo incerto.

Respondendo a que fora unha das claves da súa propia creación, a integración normalizada no mundo veciñal, hoxe xa non podemos desvincular o futuro das Vocalías da Muller

do resto da infraestrutura de traballo das Asociacións Veciñais, ou coma din Rosa Vila tras dezaioito anos no "universo" veciñal; *"A Vocalía da Muller esta ligada a Asociación"*. Para ben ou para mal deixaron xa atrás os tempos nos que as Vocalías da Muller eran vistas case que como intrusas nun mundo que naquel intre non era o seu, e actualmente, non soamente son unha parte normalizada dese mundo, senón que convertéronse no seu principal sostén, o verdadeiro, e en moitos casos, único motor da vida das Asociacións Veciñais. Avalada pola súa experiencia, Begoña González afirma que *"as Asociacións funcionan gracias o traballo das mulleres"*, e non lle falla razón. O problema é, pois, como din Iraida, non só das Vocalías da Muller senón de todo o movemento veciñal. Para Begoña González, *"...as Asociacións están demasiado encerradas en si mesmas. Demasiado tempo ofrecendo sempre o mesmo fai que mentres no rural aínda manteñen certa representatividade e importancia, dentro do núcleo urbano están perdendo rapidamente a súa identidade"*.

Estas valoracións feitas hoxe en día sobre o futuro das Vocalías da Muller, do movemento veciñal, lémbrennos os comezos dos anos noventa, cando, como dicía Loli Casariego ó longo deste informe, as Asociacións Veciñais estaban demasiado encerradas en si mesmas, carentes dunha perspectiva global dos problemas existentes mais aló dos límites do barrio, tamén necesitadas de "saír da casa", ata que o fixeron e decidiron abri-las súas portas o resto da cidade e crecer. Ou tamén poden lembrar as diferencias existentes entre o rural e o núcleo urbano, acentuadas de novo nestes últimos anos pero que xa, fai agora unha década, eran patentes como recollían no Xan Bouzada e Anxo Lorenzo

"A vitalidade de entidades de potencia alta como son exemplos Valadares ou Castrelos contrasta coa precariedade dalgunhas entidades urbanas. Nas cales esta todo por facer..."

As conclusións as que chegaron Xan Bouzada e Anxo Lorenzo no seu devandito estudio sobre o movemento veciñal vigués do ano 96 recollían unha situación que xa viña de atrás. Malia que nese primeiros anos noventa as Vocalías da Muller están na súa fase de maior crecemento xa existían testemuñas da pouca implicación de moitos veciños e veciñas no traballo das Asociacións e de temor polo futuro.

A Vocalía da Muller de Candean comezou a súa andaina a finais do ano 1991, como a maioría delas, no momento en que dende o Concello e dende a Federación Eduardo Chao iníciáanse actuacións encamiñadas o seu fomento. Dolores Iglesias foi a súa primeira representante e outra das mulleres clave na historia das Vocalías do movemento veciñal de Vigo. No seu barrio, en Candean, as cousas discorreron mais ou menos do mesmo xeito que noutras asociacións. Constituiron a Vocalía sen demasiados atrancos e mantendo unha boa relación con presidente e o resto da directiva da asociación. Xunto con outras dúas compañeiras coas que formaba a Vocalía de Muller, e como sucedía en A Salgueira, en Coia, en Bembrive... Loli Iglesias, atendía a moitas mas areas ca de muller, levando o peso da meirande parte das actividades da asociación. Dende a Vocalía da Muller organizábanse cursos, actividades, grupos de baile, de gaitas... E todo isto xunto facía que, xa naquel intre, Dolores queixarase publicamente, nas xuntanzas coas súas compañeiras doutros barrios, da ausencia de axuda, da falla de relevo, e que fixera en voz

alta a reflexión de ata que punto pagaba a pena seguir adiante traballando naquelas circunstancias de falla de perspectiva de futuro. Once anos pasaron dende entón.

Naquel mesmo ano 93 celebráronse en Vigo unhas Xornadas organizadas pola CAVE, e nas actas que recollían as conclusións da xuntanza, o futuro era xa unha cuestión a debate no seo do movemento asociativo veciñal de toda España. Daquel entonces ata agora podería parecer que as cousas non teñen cambiado moito pero a realidade é outra e se ben subsisten algúns dos problemas que fai dez anos existían nas Asociacións Veciñais, o certo e verdade é que no seu horizonte e polo tanto tamén no das Vocalías da Muller, coma parte do mundo veciñal, aparecen novas cuestións as que cumpre dar respostas.

"A Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao creouse a principios do ano 1992 co obxectivo de coordinar as Vocalías da Muller que se estaban a crear nas Asociacións Veciñais, a vez de facer proxectos en común e formar unha unidade con todas as mulleres do movemento veciñal". De este xeito tan claro definía Iraida Montejo as razóns da existencia das Vocalías da Muller. Eran outros tempos, nos que era moito o camiño por percorrer e o futuro do movemento veciñal, e especialmente das Vocalías, era aínda un territorio non conquistado. Hoxe, dez, doce, quince anos despois, o futuro volve a ser, outra vez, unha páxina en branco aínda por escribir. As Vocalías da Muller reconstrúen a súa memoria para poder lembrar as súas orixes, e asemade tódalas mulleres que dun xeito u outro tiveron un papel

activo na súa historia fanse moitas preguntas sobre o que esta por vir.

Dúas conclusións parecen claras. Por unha banda, o traballo desenvolvido pagou moito a pena. Estes anos foron "*un tempo espléndido para a muller*", din Loli Casariego. Un tempo no que partindo practicamente da nada case absoluta acadáronse cotas non pensadas quince anos atrás. Por outra banda, este tempo parece chegado o seu fin. O ciclo que comezou María Xosé Porteiro fai dezaseis anos, o que Ana Gandón continuou dándolle o pulo definitivo, tódalas actuacións encamiñadas a que as mulleres saíran da casa, todo isto, tocou teito. Esta afirmación pode moi ben ser cuestionada, porque outra realidade, a das cifras, din outra cousa, din que o programa "O Noso Tempo" segue a funcionar con éxito, que ano tras ano mulleres de todo Vigo participan nos cursos, nas xornadas, na travesía as Cies..... Pero, asemade, a sensación de que as cousas deben cambiar está presente dende xa fai tempo na mente de moitas das responsables das Vocalías da Muller ou tamén daquelas mulleres que sen estar na actualidade directamente vinculadas ó traballo veciñal, desenvolveron unha función esencial nelas fai algún tempo, e agora, como espectadoras activas, dende fora do movemento, observan a súa evolución coa perspectiva que da a distancia.

O certo é que esta sensación non se queda unicamente en iso, nunha sensación, senón que tamén ten a súa confirmación na realidade, ben sexa pola ausencia de relevos nas Vocalías de Muller, e o que isto supón de falla de implicación das mulleres novas, e tamén polo desexo que

dende as Vocalías existe de artellar novos mecanismos que lles permitan atender a novas necesidades da muller contemporánea e de algunha maneira supera-lo fito, e ao mesmo, o limite, que constitúen os cursos de formación e ocio das propias Vocalías.

Estas dúas conclusión pódense extraer das palabras de Mercedes Penabella, a actual representante da Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao. Ata fai ben pouco, Mercedes era a representante da Vocalía da súa Asociación Veciñal, Casco Vello, á que chegou no ano 2001, pero dende o mes de Febreiro do ano 2004 ocupa o cargo na Federación substituíndo a Patricia Torrado que a penas estivo na Vocalía uns meses.

Para Consuelo, de Navia, o futuro e negro, e pensa incluso que algún día o local da Asociación de Veciños terá que ser cedido ó Concello para que se faga cargo del, ó non existir relevo xeracional, e xa non só dentro da Vocalía de Muller, senón tamén no conxunto da Asociación. Na Vocalía de San Paio de Navia, dez anos despois da súa posta en marcha seguen a ser as mesmas do principio.

Esta situación non e nin moito menos exclusiva de Navia, e repítese na meirande parte das Asociacións Veciñais. Directivas formadas case sempre polas mesmas persoas tras anos, incluso décadas, de permanecer de maneira continuada no mesmo cargo de representación; unhas medias de idade realmente elevadas, unha falla practicamente absoluta de xente nova interesada na participación veciñal, e un descenso xa prolongado da actividade nas Asociacións, que hoxe, en mais dun caso, manteñen as súas portas abertas gracias as actividades das Vocalías da Muller. Sen embargo,

esta "crise xeracional" tamén está xa presente nas Vocalías da Muller, e tras elas, nas Asociacións Veciñais, xa non hai ninguén mais que manteña en funcionamento unha estrutura que acadou cotas de participación e influencia realmente fortes e sen comparación no conxunto de España.

O RELEVO

"Teño sesenta e nove e aínda estou aprendendo". (María Rodríguez. Representante da Vocalía da Muller da Asociación de Veciños de Teis)

María Rodríguez ten sesenta e nove anos e din que *"aínda está aprendendo"*; aprendendo a moverse no mundo veciñal, porque dende fai dous anos, ela e maila súa compañeira, Dolores Guisande, son as responsables da Vocalía da Muller da Asociación de Veciños do barrio de Teis. Elas, María e Dolores, substituíron a Amparo Fernández cando esta deixou o seu posto ó fronte da Vocalía despois de máis de dez anos continuados de actividade veciñal, e para ámbalas dúas, a chegada á Vocalía supúxolles atopar unha realidade ben distinta da que esperaban.

No barrio de Teis, como xa quedou dito anteriormente, a actividade veciñal fora sempre bastante intensa e a participación dos veciños alta, e o mesmo sucedera coa Vocalía da Muller dende a súa fundación. Amparo Fernández, é, xunto con moitas das mulleres que aparecen nestas páxinas, unha das personaxes importantes no devir das Vocalías da Muller. Amparo xa formaba parte da Asociación de Teis nos anos oitenta, antes da existencia das Vocalías da Muller. Lembra unha Asociación activa, chea de traballo,

mobilizada nas celebracións, coma nos Maíos, nos que ían camiñando dende Teis ó Caso Vello co seu maio; ou nos entroidos. E tamén lembra a actividade veciñal no conflito da empacadora de Guixar, uns meses realmente duros nos que con toda a directiva da Asociación Veciñal dimitida, a Vocalía da Muller fíxose cargo do funcionamento básico da Asociación e mantivo a súa porta aberta durante os dous anos que tardou en volver a normalidade á vida veciñal de Teis.

Amparo fala de unha boa acollida da Asociación á Vocalía da Muller na súa fundación, producida o día 3 de Abril de 1992. Xunto a propia Amparo Martínez, Carmen Pazos, Mercedes Ballesteros, e Anabel Rodríguez formaban aquela primeira Vocalía.

Hoxe, María Rodríguez e Dolores Guisande, na Vocalía da Muller de Teis, afrontan en solitario o signo dos tempos e constitúen un exemplo dunha situación que se repite en moitas das Vocalías doutras tantas Asociacións Veciñais. O caso é, que por moitos e variados motivos, se facemos caso as razóns esgrimidas polas vocais de cada Asociación, o nivel de implicación dos veciños no traballos nas Asociacións descendeu sensiblemente nos últimos anos. Xa non é que sexa difícil atopar moita xente nova integrada nas directivas das Asociacións, senón que tampouco e doado atopar persoas, non necesariamente novas, que queiran desenvolver un labor altruísta a prol do seu barrio, da súa parroquia.

No tempo que levan traballando, María e Dolores fixeron tódolos esforzos posibles para que a súa Vocalía mantivera a súas funcións aínda que o traballo é a todas luces demasiado grande para tan só dúas persoas. Acudir as reunións coas

demais Vocalías na Federación "Eduardo Chao", as concentracións na rúa en contra dos malos tratos, a súa colaboración no Centro Cívico de Teis, e todo isto sen contar o traballo na propia Vocalía, cursos, tarefas administrativas, encontros con políticos.... Con elas dúas, a Vocalía da Muller de Teis continuou con actividades de formación como os cursos de palillos, axilidade mental e tamén con algunhas saídas de carácter cultural que lles gustaría repetir, e si por un lado, María e Dolores afirman que non hai xente que de un paso adiante coa intención de mellora-lo seu barrio, por outro a asistencia os cursos e as actividades non descende. Agora, na Vocalía de Teis, votan en falla máis axuda por parte do Concello, axuda para poñer en marcha cursos que podan contribuír a que as mulleres de Teis sexan cada vez máis autosuficientes, como din María, e pensa en formación en electricidade, carpintería ou fontanería, bricolaxe do fogar para mulleres que non queren esperar a que ninguén lles arranxe os problemas materiais da casa.

Tanto para Dolores como para María a experiencia da Vocalía e de sobra gratificante. Creen que o traballo feito está ben feito, e que, da mesma maneira que pensan as súas compañeiras noutras Asociacións, o labor das Vocalías serviu para mellorar, e moito, a vida das mulleres dos barrios de Vigo, para ofrecerlles moitas causas das que antes carecían, formación, mellor calidade de vida, outros horizontes culturais, sociais, profesionais. A súa valoración é polo tanto positiva.

Na metade do camiño do seu mandato na Asociación, a María quédanlle dous anos de Vocalía, e a súa intención, e a

de Dolores, é deixalo cando este tempo remate, pero ámbalas dúas son plenamente conscientes de que non vai a ser doado encontrar mulleres que as releven, e tampouco desexan que tras elas a actividade da Vocalía da Muller quede en Teis nun punto morto.

¿Porque a xente nova non dedica parte do seu tempo ós problemas do seu barrio, porque razón non se integra nas Asociacións do movemento veciñal?. *"Non podes querer que a xente nova sexa coma ti"*, resposta Begoña González. No seu caso concreto, pasaron quince anos dende de que ela comezara a realiza-lo seu traballo como animadora sociocultural na Federación Veciñal "Eduardo Chao", e de que desempeñara un importante papel na creación das Vocalías da Muller; quince anos nos que para Begoña é claro que o mundo tense transformado o suficiente como para que *"se non cambias, e te adaptas e recibes a xente nova e saes a entender cales son os seus problemas e lles das respostas, esa xente nova non atopara alternativa nin interese algún no seo do movemento veciñal"*.

As urxencias do mercado laboral contemporáneo, os horarios, a abafadora oferta de ocio, a política, ou incluso a falla de compromiso xeracional son as razóns postas enriba da mesa das Vocalías da Muller para explica-la case nula presenza de mulleres novas na maioría das Asociacións Veciñais. O caso é que non resulta doado determinar dunha maneira clara e precisa ónde radica a verdadeira raíz do problema.

Concentradas en si mesmas, nunha situación social da que xa falamos e que era realmente desastrosa para miles de mulleres adultas, procurando levar a bo porto tódolos retos

ós que dende o principio enfrontáronse, saír da casa, chegar as directivas, formar as mulleres, loitar contra a violencia de xénero.... as Vocalías da Muller non tiveron entre os seus obxectivos mais inmediatos o de converterse en entidades atractivas para as mulleres mais novas e rachar así unha problemática que xa afectaba naquel intre ó movemento veciñal no seu conxunto.

Pero, ¿cal e o camiño a seguir agora? As mulleres e homes que nos anos oitenta tiñan vinte, ou trinta e tantos anos enfrontaban un destino colectivo certo. Deixaban atrás unha vida privada de moitos dereitos e liberdades tras décadas de dictadura, e avanzaban na súa procura nun réxime democrático recen nacido e cos problemas e inquedanzas propios dunha sociedade na que todo esta por facer pero que acadaba cada día maiores cotas de prosperidade. Hoxe, cando en moitos aspectos xa estamos no futuro que no ano oitenta, ou incluso no noventa, parecía tan afastado de nos, o porvir ó que sen dubida chegaremos en unha década mais é, de xeito paradoxal, moito mais incerto. A complexidade da sociedade actual, as transformacións políticas, os cambios económicos, sociais, relixiosos, as mutacións de toda índole que cada día teñen lugar na nosa realidade mais próxima, son a causa desa incerteza.

Se o Concello levara a cabo hoxe outra "Enquisa sobre a muller" como a que fixo no ano 1988 cando María Xosé Porteiro ocupaba a Concellería de Muller, atoparíamos que moitas daquelas cifras que falaban dunha evidente situación de abandono e subordinación do xénero feminino, hoxe non se repetirían. Pero se parece claro que actualmente moitas mais mulleres que fai quince anos desenvolven as súas vidas nun

plano de igualdade cos homes en un gran numero de ámbitos, gracias entre outras cousas o labor das Vocalías da Muller, non o é menos que esa igualdade non é nin completa, nin xeneralizada, e que outras cifras, por exemplo as dos malos tratos, das mulleres mortas pola violencia de xénero, constitúen, dende xa fai tempo unha traxedia ata polo de agora imparable.

"Hoxe existe unha falsa imaxe de que todo ten cambiado moito, quizás mais no que atinxe os dereitos das mulleres". Isto dalgunha maneira fai que moitas mulleres non se impliquen no movemento veciñal por crer que a situación esta hoxe en día normalizada. En moitos sitios as mulleres seguen a estar coma un floreiro". A estas palabras de Iraida, que expoñen perfectamente como a sensación de cambio e de mellora funciona como factor de afastamento das veciñas das súas asociacións, habería que engadir as de Loli Casariego: *"O maior dos problemas das vocalías da muller son os mozos, a cuestión que agora mesmo non son atractivas. O ideal sería que a xente nova se achegara as asociacións veciñais por medio de vocalías de xuventude. O problema esta en que os mozos queren traballar coma eles queren, e nos queremos que traballen coma nos queremos".* A suma destas dúas opinións, formadas opinións pola traxectoria de ámbalas dúas mulleres, ten como resultado o diagnostico final que explica a aparentemente mala relación existente entre as Vocalías da Muller e as mulleres das xeracións mais novas. Unha mellor conxuntura social que empuxa o conformismo e a non reivindicación, e unha aparente incapacidade das Vocalías da Muller e de todo o movemento veciñal no seu conxunto para

recoller os intereses das mulleres, e tamén dos homes de menor idade.

Para Maruchi, da Vocalía da Muller de San Andrés de Comesaña, agora todo é demasiado doado para as mozas, para as mulleres máis novas, mulleres que creceron nunha sociedade, que si ben aínda mantén vixentes importantes elementos e factores de discriminación en contra delas, avanzou un longo treito no proceso de recoñecer as mulleres o papel que realmente desenrolan na sociedade. Mulleres de hoxe para as que polo tanto, no é posible lembrar moitas dos problemas que no ano noventa, cando elas eran pouco máis cunhas nenas, levaron a decenas de veciñas de Vigo a crear as Vocalías de Muller para tentar saír dunha situación que facíase insoportable.

"O movemento veciñal están estancado". "O movemento das mulleres esta estancado, non preocupa". Rosa Vila, de Castrelos, ou Mercedes Penabella, de Casco Vello, e actual responsable da Vocalía da Muller da Federación Veciñal, son dúas mulleres que falan deste xeito. Pero a verdade é que non son unicamente elas as que o fan.

Xa falamos do programa "O Noso Tempo", do que supuxo a súa posta en marcha, e da enorme cantidade de logros e recoñecementos que as Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais de Vigo e a da Federación "Eduardo Chao" acadaron grazas ós centos de cursos que dende fai anos contribúen a facer mellor a vida de miles de mulleres dos barrios de Vigo.

Rosa Fontaiña é a muller que durante mais tempo estivo o fronte da Vocalía da Muller da Federación Eduardo Chao, e

outro dos nomes imprescindibles para contar na vida do movemento veciñal de Vigo. Ela era a responsable da Vocalía da Federación cando o Concello firmou o primeiro convenio para a posta en marcha do programa "O Noso Tempo" no ano 96, e a súa experiencia ó longo destes anos fan que a súa opinión sexa especialmente valiosa para entender ben a vida das Vocalías.

Os seus primeiros pasos no movemento veciñal foron como responsable da Vocalía da Muller da Asociación do seu barrio, Lavadores, e foi a que fora Concelleira da Muller, Ana Gandón, quen a invitou a amplía-la súa tarefa na Federación Veciñal. Ademais do seu cargo na Federación, Rosa Fontaiña tamén desempeñou un importante labor coma responsable do area de consumo a CAVE, e como coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.

O seu prolongado traballo ó fronte da Vocalía da Muller da Federación "Eduardo Chao" permitiron a Rosa Fontaiña ser testemuña dos bos e tamén dos malos momentos do movemento veciñal. Ter que ver o pouco interese de moitos homes polos problemas das mulleres, pola actividade das Vocalías, o aumento da violencia de xénero, pero tamén recoller galardóns como o título de Vigués Distinguido que a Vocalía da Muller da Federación Veciñal recibiu no ano 96; o mesmo ano no que a propia Rosa Fontaiña asistiu en Madrid nunha xornada de traballo organizada pola Cave, a entrega do título de Muller Veciñal Galega a Carmen Fernández, presidenta da Asociación de Veciños Val do Fragoso, e unha das mulleres con unha mais longa e fructífera traxectoria na movemento veciñal da cidade de Vigo.

"Mulleres que toman conciencia da súa persoa e reservan parte do tempo libre para a súa realización persoal; isto, o fin e o cabo, repercute nunha maior calidade de vida para elas e para as súas familias y amizades". Esta é a valoración que Rosa Fontaiña fai das actividades de "O Noso Tempo". E a súa opinión confirma o xa falado, o incalculable valor que estes cursos tiveron para mulleres de tódalas idades e condicións de Vigo.

"O medo que tiñamos cando empezamos coas vocalías da muller era que se converteran en academias cos cursos". Pero tamén falamos desto, como conta Rosa Vila. A outra cara do programas e das actividades de formación e ocio é o xa dito; coa maquinaria xa engraxada polo tempo de experiencia os cursos repítense ano tras ano cumprindo a súa función, pero sen nada novo que aportar. Resulta necesario de superar esta circunstancia para afrontar con garantías os retos de novas realidades sociais.

PROPOSTAS

"Se o movemento veciñal esta estancado haberá que comezar de cero". (Mercedes Penabella, actual Responsable da Vocalía da Muller da Federación Veciñal de Vigo "Eduardo Chao")

Nos tres anos que Mercedes Penabella leva traballando no movemento veciñal tivo tempo suficiente para ter claro que é necesario un revulsivo que devolva o asociacionismo dos barrios e parroquias de Vigo o pulo que tivo non fai moito tempo. Un pulo que fixo que as Asociacións Veciñais de Vigo formaran un movemento social cunha altísima conciencia

de si mesmo, orgullo dos habitantes da cidade e toda un forza reivindicativa con gran capacidade de mobilización, unha característica inseparable do movemento veciñal, precisamente pola súa capacidade para por en marcha ós habitantes dun barrio con respecto ao seus intereses mais próximos.

As ideas de Mercedes Penabella son claras e están en sintonía coas preocupacións e as inquedanzas da maioría das mulleres que hoxe están nas Asociacións, nas Vocalías de Muller. *"E necesario un exercicio de reflexión para saber cara a onde imos"*. *"Se o movemento veciñal esta estancado haberá que comezar de cero"*

Levar as mozas as asociacións, formadas no traballo veciñal, conseguir acabar co medo que, como explica Rosa, dende Castrelos, existe en moitos dirixentes das Asociacións a que a xente mais nova irrompa as directivas, o medo ao relevo. Orienta-las actividades de formación a integración laboral. Profundar deste xeito en formulacións e proxectos que xa estiveron presentes dende o principio nas políticas de muller do Concello e da Vocalía, como foi Kanguros ou o programa Marta 30. Estas son algunhas das formulacións de Mercedes como recen nomeada responsable da Vocalía da Muller da Federación Veciñal "Eduardo Chao".

O proxecto Marta 30 merece unha reseña especial polo que tivo de acercamento das actividades das Vocalías da Muller ó mundo da integración laboral, da apertura de portas profesionais para mulleres que en moitos casos teñen especiais dificultades para atopar un posto de traballo. Marta 30 tratábase dun proxecto de formación para mulleres

empresarias e cooperativistas. Este proxecto foi concedido pola CAVE, e estaba financiado polo Fondo Social Europeo e polo Ministerio de Asuntos Sociais. De toda Galicia, só Vigo obtivo o Proxecto Marta 30, o que en palabras de Rosa Fontaiña debeuse a que *"a presenza de mulleres no movemento veciñal desta cidade e mais forte que en ningunha outra parte de Galicia"*.

Como outros proxectos, Marta 30, incluíase dentro do ámbito da promoción do emprego, e estaba composto por cursos de catering e de xeriatria. 645 horas de traballo durante un par de anos. Sesenta prazas destinadas a mulleres de idades comprendidas entre os vintecinco e os cincuenta anos, en moitos casos con escasos recursos económicos e formativos e que gozaban tamén de asesoramento técnico gratuito durante seis meses de duración sobre cuestións esenciais como planes de viabilidade, situación do mercado, etc.

Maruchi Fernández, a pesar dos mais de doce anos á cabeza da vocalía da muller de Comesaña, e de afirmar claramente que lle gustaría que outras mulleres a substituirán, forma parte agora, xunto con María Xesús Vicente, de Matamá e Rosa María Álvarez, de Coruxo, do novo equipo de traballo da Vocalía da muller da Federación, que dirixe Mercedes Penabella. Maruchi fala de que as actividades da Vocalía da súa Asociación, San Andrés de Comesaña, sempre estiveron orientadas especialmente a formación, e que incluso mais dunha muller emprendeu unha traxectoria profesional tras formarse nos cursos da Vocalía. Fala da necesidade "dese paso mais aló", e cando o fai, pensa na constitución de cooperativas de traballo, agora que

hai nas Vocalías mulleres cos formación necesaria para sacar adiante proxectos coma eses.

Mercedes Penabella precisa aínda mais e refírese ós intentos de artellar dende as Vocalías mecanismos dirixidos a integrar no eido laboral a colectivos de mulleres especialmente sensibles como é o caso das mulleres vítimas de malos tratos. Mulleres que despois da súa estancia nunha casa de acollida carecen, en moitas ocasións, de recursos, medios ou contactos suficientes para levar adiante unha vida digna e afastada do pesadelo contra o que tiveron que loitar. Un xeito no que as Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais poderían intervir directamente nun dos maiores problemas que as mulleres veñen sufrindo xa de lonxe.

A posibilidade de que as Vocalías canalizasen a súa actividade mediante o desenvolvemento dun labor mais complexo nos ámbitos da formación profesional de mulleres e a súa posterior incorporación o mundo laboral en igualdade de oportunidades non esgotaría os seus beneficios nos seus propios fines, senón que dalgún modo, atoparía respostas, por unha banda ós motivos da crise do movemento veciñal, e pro outra, a cal debe ser a identidade, "a razón de ser" das Vocalías da Muller da aquí en diante. Rosa Vila afirma con razón que *"coa perda da función reivindicativa as asociacións no funcionan, e así as Vocalías desaparecen"*.

¿Pero, podemos reivindicar?. A resposta e clara, por suposto que si, non so podemos, senón que debemos facelo. Begoña González din que *"as Vocalías da Muller son as mais activas, as mais loitadoras, as que mellor coñecen a realidade do barrio, as que teñen maior capacidade"*

reivindicativa“.. pero hoxe, no ano 2004, ¿sabemos ante quen debemos facelo? ¿e como facelo?.....

A sociedade xa non e a mesma que fai doce anos, nin sequera a mesma que fai cinco ou seis. Novos retos aparecen cada día. O camiño percorrido na última década por todas estas mulleres e un camiño que todas farían de novo, e algunhas das esperanzas e ilusións que tiñan cando comezaron o seu traballo en cada barrio, en cada Vocalía, son hoxe, xa, realidades que fan máis doada a vida das súas veciñas. No principio dos 90 todo está por facer, as mulleres que se fan cargo da dirección das Vocalías coñecen ben o camiño que deixan atrás e saben o que esperan do futuro, igualdade, recoñecemento, respecto e saben a quen deben dirixirse para acadalo.

Para Begoña González, hoxe corren malos tempos para o asociacionismo, a reivindicación, a loita social. Cree que a xente mais nova fuxe do movemento veciñal porque supón implicacións políticas. Pero non e a única cunha valoración negativa da conxuntura actual. *“A xente esta defraudada. Non se reivindica”*, din Rosa Vila. *“Ou non sabemos entender cales son os seus intereses”*, e fala da masiva mobilización social, especialmente da xuventude, que produciuse tras a marea negra causada polo afundimento do buque Prestige, o que contradiría o axioma as veces formulado da falla de compromiso xeneralizado entre a xente mais nova. Para Dolores Casariego non é nin moito menos así, senón que *“estamos diante da xuventude mellor preparada e das mais comprometida que tiveramos nunca, sen embrago a vida veciñal no lles resulta atractiva porque ocupase de problemas que no*

lles parecen interesantes mentres que deixa os seus problemas a un lado"

Moitos dos problemas que dalgún xeito preocupan as mulleres do século XXI e que as Vocalías tratan de afrontar, atópanse nunha conxuntura similar a esta, xa que quedan frecuentemente fora das competencias das administracións que lle son mais próximas as forzas veciñais; a violencia de xénero, a igualdade laboral de soldos e funcións, o que é o mesmo, converte en unha tarefa difícil artellar, non soamente o traballo por facer, senón tamén dirixilo as persoas ou as entidades que realmente teñen a capacidade para atopar solucións. Esa e a chave para un bo futuro do movemento veciñal, atopa-la súa razón de ser.

Dolores Casariego fala deste xeito avalada pola experiencia que lle dan mais de dez anos no movemento veciñal e dende o seu actual posto de Vocal de Cultura da Federación "Eduardo Chao". *"Temos a sensación de que as Vocalías xa o teñen todo feito e non poden avanzar mais. Da forma na que esta a actual estrutura, non poden avanzar mais, teñen que cambiar, modifica-la súa estrutura. Entrar mais no terreo formativo e formativo laboral"*.

Levar a cabo funcións coma estas, lograr que dun xeito útil as Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais consigan atacar directamente os problemas ós que se enfrenta a muller contemporánea significaría ter de novo a posibilidade, como fai doce anos, de perseguir, reivindicar, loitar por retos posibles, contra inimigos certos, por causas xustas, dotar as Vocalías da Muller da natureza que lles corresponde no século XXI.

Pero hai mais. Begoña González fala da necesidade da profesionalización dos corpos directivos das Asociacións Veciñais, da necesaria contratación de técnicos capaces de manexar con eficacia grandes orzamentos e proxectos en moitas ocasións de suma complexidade, coa preparación suficiente como para dotar de contidos a unha das mellores infraestructuras asociativas de España. Asemade, fai referencia tamén ó necesario que é dar autonomía ás Vocalías das propias Asociacións, "O futuro ten que partir delas".

Desta opinión e tamén Encarna Fernández, da Vocalía da Muller de San Paio de Navia ó afirmar que unha das condicións básicas para un mellor futuro é dotar ás Vocalías das Asociacións de mais autonomía, autonomía en tódolos sentidos, comezando polo económico e con el, a capacidade para decidir sobre as súas propias actividades.

Profundar e a aproveitar as vantaxes das novas tecnoloxías como internet, tal e como propoñen dende a Vocalía da Muller da Asociación Monte da Mina de Castrelos; implica-la xuventude nas actividades da Vocalía como din dende a Asociación de Veciños San Miguel de Oia son algunhas das propostas e ideas que xunto coas xa citadas anteriormente as mulleres das Asociacións Veciñais formulan mirando ó futuro. E a integración dos homes, como suxire Mercedes Penabella, lograr que "participaran os homes nas vocalías de muller"; algo que Rosa Fontaiña xa mencionou tamén fai algún tempo "*Gustaríame que os homes entren a formar parte das nosas reivindicacións porque conseguí-las melloras que pedimos redundará nunha mellora para a sociedade en xeral. O que no entenda esta evolución esta no Paleolítico. Ós homes do movemento veciñal moléstalles que unha muller teña poder ou sexa considerada por enriba deles.*

Pero non e doado. As sociedades europeas contemporáneas presentan enormes contradicións que afectan ó conxunto da cidadanía e as que non ponde ser alleas as Vocalías da Muller. Rosa Vila o confirma: *"As mulleres están volvendo outra vez a casa, non están saíndo, cústalles mais saír, xa non hai tanta participación como había antes"*. E os medios de comunicación recollen esta tendencia como unha corrente social xeneralizada na maioría dos países do noso entorno mais próximo.

Das cifras de mulleres mortas xa falamos neste estudio. Crecen cada ano. A sociedade na que vivimos parece acadar pouco maiores cotas de benestar e liberdade para os seus cidadáns, pero simultaneamente, o certo e que a violencia de xénero é hoxe un problema sen unha solución inmediata. Os países escandinavos, nos que en moitas ocasións nos miramos como vangardas das sociedades que desexamos ser, presentan datos e estatísticas aínda moitos peores de violencia de xénero; o corenta por cento das mulleres en Finlandia, é na actualidade, ou o foi algunha vez, vítima de malos tratos. O risco de chegar pronto a eses limites senón facemos algo antes, non pode, nin debe, ser ignorado

FIN

"Temos que deixar de sentirnos vítimas, de laiarnos de que o somos, para poñer os pes no chan e seguir avanzando. Non temer confundirnos, non temer a desaprobación allea. Debemos decidir se o que queiramos ser, individual e colectivamente. En definitiva, querer gobernar nos as nosas vidas". (Manifesto "Gobernemos nos as nosas vidas" editado por asociacións e colectivos de mulleres de Vigo co gallo do día 8 de Marzo, día da muller traballadora)

Gobernemos nos as nosas vidas. Buddy Holly na canción "That would be the day" decía nos anos sesenta que "o día que me digas adeus será o día que eu morra" O día que desaparezan para sempre todos os atrancos que impidan que as mulleres gobernen as súas propias vidas, cando eso suceda, será o día no que morran, no que desaparezan tamén as Vocalías de Muller das Asociacións Veciñais, e con elas, as demais Vocalías de Muller doutro colectivos, sindicatos, partidos políticos, e tamén os Consellos de Muller, as Casas da Muller, a propia Concellería de Muller, as políticas de Muller..... "A vocalía da muller, e igual co día internacional da muller, esperamos que algún día desapareza". Recorremos unha vez mais as palabras de Rosa Fontaiña para resumir a situación, as Vocalías da Muller deben desaparecer, disolverse no seo das Asociacións Veciñais, e que as súas responsabilidades e competencias pasen a ser exercidas dende a Vocalía de cultura, ou de xuventude, ou de saúde, ou de urbanismo, e no haxa mais saúde de muller ou cultura de muller ou ocio de muller. O que é o mesmo, integración plena. Iraida formulaba esta idea

xa fai tempo: *"A idea da propia vocalía era que chegaría un día no que non sería necesario a existencia das vocalías de muller por lograrse a plena igualdade que era o obxectivo final e realmente importante"*.

Este e pois o obxectivo final, a desaparición das Vocalías da Muller das Asociacións Veciñais, a plena igualdade das mulleres e os homes na sociedade. Cando eso suceda, os nomes das mulleres que participaron nesta aventura, as que aparecen nestas paxinas e as que non o fan, as que estiveron nos cursos, nas viaxes, nas xornadas, detrás das pancartas, nas exposicións, os nomes de todas elas confundiranse para sempre co resto da historia do movemento veciñal vigués e só na súa memoria, na memoria de todas estas mulleres ,quedará a lembranza de que houbo tempos nos que as súas vidas non eran doadas e que foi necesario que dun xeito xeneroso e anónimo, traballaran sen descanso e sen esperar ningún recoñecemento a cambio para gañar os dereitos que lles pertencían, para gaña-la vida que desexaban ter.